


ENTRAMBAS AGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 21 • Inverno 2005 • 1,5



**VALLE DEL NAVIA:
ÚA ESTRATEXA DE MEDRÍA**

A NOITE CELTA CUMPRE ANOS

**CIUDADES DE PEDRA: ARQUITECTURA
POPULAR Y FUTURO**

SAN TISO MÓVESE



- 3 *El Valle del Navia: camínos pra úa estratexa de medría*
FREDO DE CARBEXE & BENXAMÍN MÉNDEZ
- 8 *A Noite Celta de Porcía cumpre ventiún anos*
IVÁN IGLESIAS «CAZARÓN»
- 12 *As cidades de pedra: el arquitectura popular, ayer y hoi*
RAQUEL MARTÍNEZ REINAL
- 16 *San Tiso móvese: a Feira y a malla*
AURORA GARCÍA RIVAS & ÁNGEL PRIETO SOUTO
- 18 *Del empresario tapiego Manuel Pérez Fernández-Casariago (1830-1900)*
FÉLIX MARTÍN MARTÍNEZ
- 20 *Mouras, encantadas y arqueoloxía*
ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA
- 23 *Fóisenos Jacinto*
ENTRAMBAS AUGUAS
- 24 *A fonte*
JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO
- 26 *Salime: un salto de cincuenta anos*
MIGUEL ÁNGEL PÉREZ SUÁREZ
- 29 *Recordos*
MANUEL GARCÍA-GALANO
- 30 *A matanza dos cochos. Úa tradición qu'acaba*
EVERARDO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
- 32 AXENDA
- 36 EL ARCO DA VEYA
- 38 EL HOUCHA



Pelorde (Pezós)

Edita
Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Llingüística del Navia-Eo

Colaboran
Fredo de Carbexe
Benxamín Méndez
Iván Iglesias «Cazarón»
Raquel Martínez Reinal
Aurora García Rivas
Ángel Prieto Souto
Félix Martín Martínez
Alberto Álvarez Peña
José Manuel Martínez Castro
Miguel Ángel Pérez Suárez
Manuel García-Galano
Everardo Fernández González

Correo y colaboración
Academia de la Llingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tlfn.: 98 521 1837 • Fax: 98 522 6816
alla@asturnet.es
www.academiadelalingua.com

Diseño
Entrambasauguas & Ástur Paredes

Impreme
Gráfinsa • Uviéu
Tlfn.: 985 271 598

Depósito Legal
AS-2103/96

ISSN
1137-165 X

ENTRAMBAS AUGUAS nun se fai responsable das
opinións expresadas polos seus colaboradores

Se che falta algún número pra completar a colección d'Entrambasauguas, pódese pedir al precio avezaio (nº 1-13: 0,90 euros / nº 14-20: 1,5 euros), máis os gastos d'envío, al apartao de correos 574 (33080 - Uviéu) ou á dirección de correo electrónico alla@asturnet.es



Academia de la Llingua Asturiana,
Apartao 574, 33080-Uviéu
Fax: (98) 522 6816

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15 euros (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código Postal _____ Lugar _____

Teléfono _____ Fecha _____
firma

ENTRAMBAS AUGUAS

Pódese mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Librería Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Librería Manuel López, Librería Arte), **Castropol** (Ardura), **A Veiga** (Casa Pérez, Librería San Pedro), **Bual** (Librería Pablo), **O Chao** (A Farrapa) y nas principais librerías d'Uviéu, Xixón y Avilés.

EL VALLE DEL NAVIA:

Camíos pra úa estratexa de medría

↓ Fredo de Carbexe & Benxamín Méndez

As estratexas de medría necesitan úa evaluación das posibilidades del territorio, decisióis sobre a manera d'aprovetallas, conciencia y decisión da población concernida, y empuxe das institucións. Os autores espóin dalgús apuntes sobre as primeiras cuestióis, partindo d'úa comunicación que presentaron al XVII Congreso de Xeógrafos¹ y amecendo dalgúas notas novas.

Claves del territorio

• El Navia, un valle integrado en Asturias al través da Marina

El río Navia ten úa conca de 2.572 km², dos que más del metá pertenecen administrativamente a Asturias. Un río cantábrico d'estas dimensións de conca fai que nel sou acabo verta un caudal que pasa dos 60 m³/seg., polo qu'el Navia é el río asturiano con más «abundancia».

Con tanta augua, el río foi escavando al llargo dos milenios, aprovetando a pedra más branda (pizarra ou arenisca) y deixando en resalte a más dura (cuarcita, el más d'ella pedra ferrial). Por eso el valle ten as vertentes muitín costas y dalgús dos afluen-

tes fixeron saltos dando pé a cascadas chamadeiras, y qu'agora tán poñéndose de moda (como as d'Oneta ou A Zaranceira, as dúas nel conceyo de Villayón).

Neste artículo falamos namás dos conceyos asturianos da conca, que son oito: Navia, Cuaña, Bual, Villayón, Eilao, Pezós, Allande y Grandas de Salime. El más d'ellos vein perdendo xente dende hai tempo: con esto tein que ver as comenencias das terras arreboladoiras, pro tamén as presas grandes qu'acabaron de fer cuase imposible pasar d'un llao al outro del río, además d'anagar as veigas, anque fosen poucas y pequenas.

Dende a lo menos el tempo dos romanos, os camíos axustáronse al Valle, favorecendo as relacións entre a Marina y a Montaña, y orientando el paso hacia a Galicia interior. En muitos pedazos esos camíos iban cuase pol más alto da serra (como os camíos dos vaqueiros qu'inda se poden andar). El caso é



Vexetación de tipo mediterráneo

qu'a relación natural col resto d'Asturias veu a pasar pola Marina, núa especie de «T» que fain as carreteras de Grandas y de Villayón cúa xeneral da costa, unde hai más xente y menos pérdida de población.

Por eso a cruz da «T» é el sito más al xeito pra población y as actividades, el que concentra más cayida del Valle: a villa de Navia é a capital funcional del noroccidente astur y na villa, ou cerca d'ella, tán as fábricas más grandes (pasta de papel, astilleiros, carpinteiría, lleiteiras, etc.) y os servicios comarcales (como el hospital ou el matadeiro).

• Un valle de paisaxe variado

Además del valle principal, mui encaxao, y dos tres embalses, el paisaxe é el resultado del aproveitamento tradicional das terras y dos montes. As terras chas escasían, cuase tán namás na veira del mar. Valle pra riba, cuase todo é costedo, dende as veigas hasta el corume das serras, con dalgús chaos a medio camín, que según el altura valiron pra poñer el caseirío ou, condo tán altos, como sitios pra brañas ou pasto de brao.

A vexetación dominante é a del clima atlántico: carbayos, bidureiras, castañeiros, umeiros na veira dos ríos... Xúntase tamén a das especies de repoblación: pinos (marítimos, silvestres, insignes) y ocalitos. Pro é más chamadeiro el qu'haxa restos d'úa eta-

pa climática anterior de tipo mediterráneo, más caliente, y da qu'inda quedan peteiros de sufreiras y borracheiros nos sitios abrigaos del norte.

As zonas menos arrebolladoiras y non mui moyadas valiron pra llabranza, na veira das casas, y as más altas pra pastois; el más costedo aguantóu a monte ou foi cambiando pra granda, polas cortas ou por queimas.

As veces houbéronse de fer zapatas pra poder llabrar, fendo qu'os eiros parezan tar en escaleira se miramos de llonxe dalgún paisaxe, por exemplo de Villayón (valle del Cabornel) ou de Bual. Nas serras inda hai gao solto búa parte del ano, cuase sempre en montes comunales, recordo dos tempos en que pacían nos altos muitas oveyas (quedan cortes en dalgús sitios), xunta vacas y caballos, y tamén dos tempos nos que vaqueiraban lugares enteros, sobre todo nos conceyos a llévante del río. Quedan tamén dalgús ferias de monte en plena serra y festas cristianas nos santuarios (como Pastur) qu'ás veces tán abondo cerca de restos megalíticos (como A Llastra da Filadoira).

Por outro llao, muitas das edificacións dos lugares inda siguen sendo a proba del uso dos materiales que s'atopaban cerca. As paredes tán cuase sempre feitas cúa pedra del lugar: llouxa amourazada, pedra ferrial, pedra de grao... As cubertas son de llouxas, ás veces con gouños tendo mao del augueiro y cruzadas nel corume, as marcacións son de madera de castañeiro ou carbayo, como as portas, ventás y contras nas casas, asína como a madera dos hurrios, os llis-tóis dos cabazos y dos cabanóis, etc. Nel recordo quedan os cabanóis con cubertas de meiza ou de rama de pino, heredeiras á súa vez das cubertas vexetales das casías dos castros.



Iglesia de Pastur (Eillao)



Navia é a capital funcional del noroccidente asturiano

En pedrazos grandes del Valle, a xente cambiou da feito el paisaxe; aproveitando as vertentes costedas y a pedra impermeable fixéronse os embalses. Asina, atoupamos el d'Arbón, el más novo; el de Doiras ou Silvón, el más veyo, cuas casas dos inxenieros cerca, nel alto; y el de Grandas, el más grande, con restos del tempo da súa feitura al llargo de todo el Valle, como os pés del teleférico que se montóu pra llevar el material dende El Espín, ou como el poblao da Paicega.

Lluces d'úa talía estratéxica

El análisis xeográfico del Valle del Navia llévanos a estremar dalgúas claves que xustifican el oportuni-dá d'úa estratexa de medría: a posición del Valle en Asturias y úa singularidá con valías pra un porvir de miyora.

• Os potenciales da posición en Asturias

As principais chegadas de xente al Valle veín del Área Central Asturiana, reforzaos con outros nacionales que pasan pol centro da rexón y que tamén poden vir parar al Navia. El tempo pra chegar á cabeceira del Valle, á villa de Navia, dende el Área Central ronda el hora en coche, tempo aparecido al que lleva subir dende Navia hasta Grandas de Salime.

A rede de carreteras de dentro del Valle convérte-lo nun sito de paso pra outros lugares d'interés, como os turísticos dos Ozcos (pr'hacia el oeste) ou Ancares (pral sur). Tamén por llévante, ta el espacio proxecto das serras de Carondio y el Valledor, que son

parte da divisoria d'auguas del Navia cuas concas del Narcea y del Esva. Y é neste paso pol Valle del Navia unde s'encontra un patrimonio arqueolóxico, etno-gráfico y d'infraestructura hidráulica qu'invita a pararse pra conocello y disfrutallo pol atractivo que ten.

• Os potenciales da singularidá

Nese recorrido pol Valle atópanse muitas cousas chamadeiras. Dalgúas d'ellas ambientales, que teín que ver cos cambios de rumbo dos cordales y das serras, qu'aveiran bus cachos dos ventos del mar (como nos valles afluentes del Augüeira, del Ouro, ou nas voltas grandes del Navia).

Asina, atoupamos inversións térmicas, que dan pé a mares de nubes, qu'inda son más grandes por culpa das auguas embalsadas. Atoupamos tamén microclimas más calentes, mediterráneos, que deixan medrar as sufreiras, das que xa falamos, y que valen tamén pra sacar producto das viñas, se ben éstas producían más antes de ferse os embalses.

Otro potencial vén del arqueoloxía. Primeiramente, os megalitos (os túmulos prehistóricos dos cordales) ou dalgúa cova con pinturas (como a del Demo). Más pr'acó nel tempo, el poblamento castreño, con castros nombraos como el de Cuaña ou os de Pendia, A Escrita, el Chao Samartín...

Tamén el poblamento é un potencial destaco. Encóntranse lugares con tramas y feituradas abondo antigas, como a forma das paredes, os caleyois, as fontes, os vallaos de pedra..., Villacondide, Pelorde, Argul, Vilarmayor, Santesteba das Bruites, as zapatas nas terras del alto Cabornel..., a convivencia d'hurrios y cabazos; ou el caseirío orixinal alrededor del plutón



Castro de Pendia (Bual)

de Penouta, unde a pedra de grao é el material constructivo máis usao, que choca nun Valle de pizarra y pedra ferrial. A cantidá d'elementos conservaos y os contrastes nel arquitectura y nel poblamento tradicionais dan riqueza al Valle.

Asina mesmo, dalgús traballos tradicionais fain tamén al Valle destacar. Quedan restos da produción de ferro dulce, que salía das ferreirías que trabayaban con mena trída de fora (del País Vasco) y con carbón vexetal feito nos montes d'acó (asina lo amostra a toponimia, con lugares como Carbón, Carbueiro...). Con ellos tían que ver inxenios hidráulicos como os mazos, que valían pra manufacturar el ferro que despós acababa en ferramentas, cravos, etc. Lugares como Bul.lumeiru ou Froseira nun s'entenden sin el trabayo del ferro.

Agora tamén hai dalgúas actividades que, aproveitando os recursos del valle, veron garrando empuxe: el apicultura, basada na gancella das serras; el turismo cultural, dos castros ou dos museos, como el Etnográfico de Grandas. Ou el turismo activo qu'aproveita el augua, ún dos principais potenciales del Valle: navegación pol río y, nos embalses, natación, piragüismo, remo.

• Os empezos d'úa xestión sostenible

El Valle del Navia conta con potenciales y oportunidades pral sou desarrollo ou medría, partindo dos recursos propios y da xente arrechada del Valle. Empezóuse con dalgúas asociacións empresariales que nacieron pola súa conta, como el Asociación

d'Empresas d'Hosteleiría y Turismo del Valle del Navia, o el Asociación d'Apicultores de Bual, que puxeron en relación partes del Valle con productos y servicios concretos.

De pouco pr'acó, empeza a ter tamén úa estratexa como Valle —el Parque Histórico—, úa axuda de cuartos —el PRODER II—, y úa pequena estrutura de xestión comarcal —el Centro de Desarrollo Rural Navia-Poreña—. Con esto ta feito el consenso básico, cua participación dos axentes institucionales, sociales, económicos y culturales.

Tase nel bon camín, pro inda nun chegou a frau-guar un proyecto de Valle con calamento nel más da xente y, sobre todo, integrao, que poña en xogo os recursos y a población, sin contradiccións, beneficiando al tempo a todas as actividades. Hai que chegar a úa estratexa integrada de medría sostenible, que lleve a ofrecer productos diferenciaos y de calidá garantizada tanto pras produccióis como pra os servicios del Valle.

Apuntes pra úa medría dura-deira

Nos últimos anos veuse dando un xurdir de llabores empresariales industriales y de servicios alrededor da ría y da villa de Navia, y dalgo menos nas villas de Bual y Grandas. Al tempo, a villa de Navia nun perdéu población como pasóu nel resto del Valle, unde foi a menos a súa vitalidá socioeconómica.

• El reequilibrio territorial, úa necesidá estratéxica

Polo tanto, necesítase un reequilibrio territorial, que pode afincarse nel potencial turístico basao nel patrimonio nun sentido amplo, nas condicións axeitadas pral desarrollo agroindustrial y nos recursos lligados al agua.

Nese camín d'un novo equilibrio nel Valle tein que buscarse actividades capaces a fixar a poboación, que sían innovadoras y competitivas, con úa localización estragayada, como é a del propio patrimonio, por exemplo.

Pra xenerar actividades productivas novas y des-concentradas fai falta axudar a que xurdan y medren proxectos que poñan en valía recursos qu'hai al llargo de todo el Valle, entre os que temos que poñer por delante el turismo, as produccióis agroindustriales y as actividades deportivas na Naturaleza.

Por un llao, el turismo relacionao cua cultura y el patrimonio, nas vertentes etnográfica y arqueolóxica; el idea del «Parque Histórico» vale de punto de partida. Por outro, el turismo activo, cua explotación sostenible dos recursos fluviales y paisaxísticos, y dos sitios chamadeiros dende úa oyuada ambiental; neste bon camín tán xa as rutas a caballo ou en bicicleta y as baxadas pol río en piraugua. Xunta el turismo, tarán as produccióis tradicionais, agora renovadas, dando empuxe al agroindustria qu'aprove-te recursos tales como el mel, as frutas (entre ellas as bravas y as secas), os derivaos del lleite ou a carne de calidá. El dar a conocer as actividades renovadas, que sían capaces a fixar poboación, ten que ferse col uso das tecnoloxías da información y a comunicación electrónica, asina como del inxerto da oferta de servicios y productos nos sistemas de control y de garantías de calidá.

A clave taría, pensamos, en axugar a participación dos axentes económicos y sociales pr'había úa xestión unitaria d'úa imaxe de calidá pral Valle, como podera ser productos y servicios «Valle del Navia». Mas, pra chegar a esto, fai falta asentir un mecanismo de xestión supramunicipal nel que se vayan axuntando todos os axentes del Valle.

Tase nel bon camín, cos antecedentes das asociacións sectoriales y agora col CEDER. Ún dos obxetivos d'este Centro, el 5.d, é «Promover, dinamizar y racionalizar a medría integral del territorio das Concas del Navia y del Porcía d'emparzao con todos os axentes implicaos».

• Xestión pra úa medría integrada

A entidá supramunicipal debería chegar a trabayar como un órgano de xestión unitaria, integrando el conxunto de mecanismos municipales y rexonales qu'operan nestos momentos nel Valle, hasta agora sin abonda coordinación y orientación pr'había el desarrollo integrao. Asina, habería de coordinar axencias de desarrollo local, servicios d'asistencia social, oficinas d'información xuvenil, telecentros,



As abeyas son úa fonte de recursos

planes locales d'emprego, as iniciativas de formación, etc.

Además, axudando al desarrollo d'iniciativas institucionales y privadas, ten que tirar pra delante nel enreizamento del texido empresarial con empresas renovadas y cuas novas que tein qu'ir parecendo. Tamén ye correspondencia el trabayo de promoción y difusión, al través d'úa imaxe de marca del Valle. Esa imaxe xeneral podería tar estructurada en temas ou imaxes estremadas dentro da xeneral del Valle; por exemplo, Navia como villa dos deportes acuáticos y entrada del Valle, Bual pral turismo rural y centro de produción apícola, y Grandas de Salime pral turismo dos recursos etnográficos y hidráulicos.

Inda hai qu'ir más alló: fai falta trazar úa estratexa de medría integrada pral Valle, qu'axunte os camiños que xa apuntamos y faiga qu'ús tiren dos outros... El aplicación del estratexa, por exemplo, ten que convertir al Valle nun territorio quén a coyer xente en busca de sitios pra fer turismo y pral ocio, aproveitando os potenciais da súa posición dos que más enriba falamos; y a esa xente hai qu'ofrecer productos agroindustriales que poda consumir nel Valle, abríndo mercao d'esa manera. A esa estratexa irán sumándose novas iniciativas, novos productos y novos servicios.



NOTAS:

«El Valle del Navia (Asturias): Aportaciones desde la Geografía para una estrategia de desarrollo», en *Actas del XVII Congreso de Geógrafos Españoles*, Uviéu 2001, pp. 343-346, dos mesmos que firman este artículo.

A NOITE CELTA DE PORCÍA

cumpre ventiún anos



↓ Iván Iglesias «Cazarón»

Cua Noite Celta de Porcía (El Franco) d'este brao que salíu, xa son ventiún anos dende que botou a andar. É esta úa festa que nun pode faltar nel calendario festexeiro de cualquier amigo da música folk. Detrás d'esa noite hai muito trabayo d'emparzo y el agayo d'un peteiro de xente nova y menos nova que s'axunta nel asociación «El Alameda» del Franco. Iván Iglesias, «Cazarón», ún d'esos rapaces que trabaya na súa organización, fainos un recorrido pol que foi y é a hestoria d'esa noite máxica prá música nel occidente asturiano.

ENTAMABRUGAS

El feito de qu'úa festa se perdesse trouxo outra, así que mentras esto fora a tónica dominante nel panorama festivo del conceyo del Franco nun habería por qué esmolerse pola pérdida d'actividad festexeira nel sou territorio —máis xustamente, na zona de Porcía, na súa Alameda, que se ve rodeada pol Río Porcía, el veyo río «das Ferreirías», na parroquia de Valdeparea—. Dicimos esto porque tempo hai xa que nun se celebra el *Dominguín dos Remedios* que vía féndose el domingo antes da Romería dos Remedios de Porcía, que se sigue fendo neste sito tan guapo el día oito de setembro de cada ano, dende tempos inmemoriales hasta os nosos días; quizabes dende qu'alló por principios del século XVII, concretamente en 1612, se construíra a Capiya

dos Remedios con advocación a esta Virxe, a ínstancias, parece ser, de Diego García de Valdeparea, fundador del conceyo us anos antes.

El feito de tentar de recuperar un acontecemento festivo pra este día foi a semente que deu despós na noite celta —que vén ser un rótulo inventado de pouco, referíndonos a este tipo de música, y puramente comercial— máis veterana del Principao d'Asturias, da qu'este ano celebramos 21 edicións.

Botando a andar

Pos así foi. Alló por principios dos anos 80 —que con tanta señardá se recordan agora—, concretamente nel ano 1984, tiveron Pepe del Polo, Manolo de

Queitano y Falo de Lucio, os tres vecíos del Franco (lugar primeiro qu'ostentou a capitalidá del conceyo, ben cerca de Porcía), a búa idea de recuperar el Domingo dos Romedios con dalgúa festa que suplira a falta d'este, qu'anos atrás se perdera. Dous homes, estos, ben hábiles y espabilaos nestas lides que deron por pura casualidá con fer un festival pra dar acoyida a grupos y bandas del folclore asturiano, dalgún gallego al principio, y tamén outros, verdadeiras estrelas internacionais neste xeito musical, y que si-gue manténdose máis de dúas décadas despós cada sábado (non domingo) último d'agosto de cada ano, nel Campo del Alameda de Porcía. Y todo gracias al bon fer d'estas dúas personas, auténticas *alma mater* del proyecto da Noite Celta, y d'un grupo curioso de colaboradores dispuestos a llevar a bon fin esta iniciativa durante os anos qu'haxa posibilidade de fello así. Dalgún d'estos colaboradores, tristemente, hoi nun tán entre nosoutros, como é el caso d'Alfonso López, *Alfonso del Periquito*, de quen se guarda sempre un recuerdo emocionao pola súa pérdida.

D'este xeito, como dicíamos, nel ano 1984, y cuntando cua coxuntura especial del debate qu'a nivel internacional se taba abrindo sobre a declaración d'un puñado de rexois como nacióis celtas —das que dende estos anos 80 Asturias forma parte xunta País de Gales, Cornualles, Escocia, Irlanda, Isla de Mann, Bretaña y Galicia—, y qu'en Asturias taban bolligando dende había dalgún tempo grupos que despós pañaron el status de «míticos» nel panorama folk asturiano, aconsayados por un pequeno pero activo grupo de



Felpeyu

xente comprometida con esta mini-industria, nacería entre bandazos y dificultades abondas a primeira edición da Noite Celta de Porcía. El primeiro anuncio público da Noite, que se encargaría de fer el mítico humorista da *Hoja del Lunes*, Tomás Niembro, aprovetaba el logotipo da caxetilla de cigarros Celtas, amás del lema —fendo honor a lo qu'allí se festexaba— de «llarga y sin filtro». Despós, varias personas dispuestas a colaborar na preparación dos carteles, como el propio Pepe del Polo ou el finao Xuaco —qu'a todos conmovéu pola entereza con qu'afrontóu a súa enfer-



Pepe el Polo xunta Javier Vidal, representante da SGAE, na presentación da XVIII Noite Celta de Porcía

medá—, serían tamén quen nos botasen úa mao cos carteles de dúas edicións da Noite Celta. D'un d'ellos aprovetóuse pra sacar un logotipo col que se fixo úa tirada de pegatinas que valíu de promoción al festival. Dende hai xa un feixe de anos, este llabor, feito por él de forma desinteresada no económico —cousa qu'é sempre d'agradecer—, depende d'Ástur Paredes, que cada ano s'encarga de ter a punto un cartel ben guapo que sirve d'anuncio y promoción pra llevar a toda a xeografía d'Asturias.

Dos miyores grupos

Esos grupos a os que nos referimos antes, que fixeron aparición nas primeiras edicións da Noite, son hoi bandeira nel panorama folk asturiano, como el caso de Llan de Cubel, que chegaban a Porcía nese botar a andar da Noite Celta. Recordada é el anécdota de condo los houbo qu'ir buscar nel coche á estación de tren da Roda (Tapia) pra que tocasen núa das primeiras edicións, y volvellos llevar, porque el acordo era pagaryes por trasferencia bancaria despós del actuación y este grupo —que tería ocasión d'actuar outras catorce veces nel festival— nun tía medios pral desenvolvemento que sería del sou gusto. Hoi son ún dos grupos, como dicíamos, punteiros d'Asturias y gozan de gran respeto y búa rellación cua organización del festival. Nun hai muito que dicir d'ellos porque os aficionaos a este mundo cóncenlos abondo.

El Beleño orixinal, con Juanjo, Frankie y, a lo meyor, el *alma mater* del grupo Fernando Largo, tería tamén sito pra enseñar el sou bon fer nel Alameda, nel tempo das primeiras edicións, xunta outros gallegos insignes y hoi conocidos en medio mundo como son Luar na Lubre. D'ese xeito y cuntando cuas posibili-



Cádaba

dades económicas da organización, y a disponibilidá dos sous nembros —porque ta claro que nun se dedican a esto, anque reconecen que, desque tán dentro, este llabor é «como úa droga», foise tirando ano tras ano; posibilidades qu'ás veces nun foron abondo folgadas, como condo s'empañou a propia organización al hora de realizar os pagos, tempo hai, ou condo despós de trabayar abondo pra tello todo a punto vía cómo se ye anagaba El Campo del Alameda por culpa d'úa medría del río nel víspora de poñer todo a andar. Esto pasaría anos despós, nel 1997. Inda así, nun se perdería el sentido del humor y chegaron a ferse os carteles anunciadores nos que s'ofrecía a actuación, polo menos deseada, de The Chieftains, Allan Stivel y The Corrs. Esperemos que sía dalgún día.

Peró nun temos qu'esqueicer os primeiros tempos, alló condo actuaron el falecido Manolo Quirós, figura da gaita nel Principao; el grupo Boides, con José Ángel Hevia al frente; Ubiña, tamén grupo piloto por estas terras; os extraordinarios Tamalín, d'Irlanda, grupo da familia McSherry, con John, consideraon ún dos meiores gaiteiros del planeta; os bretóis D'jiboubep, os escoceses Miro, os irlandeses Armeguin, el grupo de baile bretón Tud er Mor, que, ante a negativa da dirección del época da escola pública de Llongara pra que durmieran allí, atopáranyes pousada núa escola de Castropol, de madrugada y cuntando cúa muito búa disposición de Domingo, antigo alcalde d'este conceyo, que deixou meter dentro a este grupo d'al pé de corenta compoñentes por mil pesetas que pidira pra darye á muyer que cuidaba del sito. Sin duda, úa búa acción qu'hai qu'agradecer. Ou grupos como Cántara, Yzoz, Pandereteiras d'Occidente, Trasno, La Reina'l Truébanu, Brétema, Llibardón, Balandrán, os gallegos Xorima, os locales El Acebro y El Cabazo, que nos acompañaron muitos anos cuas súas melodías... Grupos, muitos d'ellos, conseguidos trer gracias al axuda de xente disposta sempre a botar úa mao á Noite Celta pral asesoramiento sobre ellos, como Adolfo Camilo Díaz ou Lisardo Lombardía, que nos informou sobre un bon feixe de xente dedicada á música folk a lo llargo del ca-

mín da Noite, y que se conocéu por casualidá comendo xamón con xente da organización nel bar Martínez de Serantes, antiguo salón de baile ben famoso na zona d'Entrambasaguas.

Condo Skolvan, de Bretaña, fixo aparición en Porcía «armóuse el Belén», non xa nel pico del escenario —que ben podese ser, tratándose d'un grupo d'esta calidá—, senón más ben nel Franco y, pra ser más preciso, nel bar, tenda-bar, típico ultramarinos da zona, que rexentaba Pepa de Queitano, Casa Queitano. Esplicóme: resulta que como el demo las enzarabeya, este grupo chegou tres días antes de lo previsto al escenario del «crime» en cuestión, ben fose porque nun s'informaran abondo ben de cómo era ou porque taban equivocados na fecha. El caso foi que mentres nun chegou el hora d'ir tocar, qu'inda faltaban úas contas, decidiron invitallos a que polas noites s'arriaran hasta este bar, pra salir un pouco y moyar algo a palabra, pra qu'animasen algo a velada y tomasen daqué cos clientes que paraban por allí cada noite. Nunca esperaban, ben sei, que por mor d'esta invitación s'armara lo qu'allí s'armou. Aquello convertíuse nun tablado tollo de baile desenfrenao qu'aprovetaba cualquier superficie, arrentes del tarrén ou non, pr'amostar as habilidades bailarías dos clientes de Casa Queitano y dos nembros del grupo al son das melodías qu'estos executaban. Pepa, a probe, víuse trasformada sin querello nua auténtica máquina de despachar que nun daba avío a atender tal demanda de «líquidos espirituosos» por parte da clientela, encendida y participante comprometida de lo

XXI NOITE CELTA DE PORCIA

EL FRANCO - ASTURIAS



Sábado 28 d'Agosto, 2004



Trasno • Xelaeta Amieva • Llangres
Oeva Oubora • Tejedor

Organiza: Asociación Cultural Alameda



Llan de Cubel

qu'allí había. Un panorama de verdadeiro marabayo benhumorao que metería a tollura nel corpo a cualquier forasteiro que por allí s'arrimase, sorprendería a propios y estraños col aumento de fervor y luxuria qu'allí houbo y feiría botar as maos á cabeza a cualquier cura de corpos ou d'almas que se deixara cayer por allí mentres durou a estancia de Skolvan nel bar, hoi xa pechao, de Casa Queitano.

Foron un sinfín de grupos, xa durante a década dos 80, que repetiron varios d'ellos cartel nos anos seguintes con outros como Gurumantes, da Fonsagrada, Brenga Astur, grupo feito nel Centro Asturiano de Madrid, Guxán de Lluç, Ciquitrinos, N'Arba, col carismático Xosé Ambás al frente, Cuerría, os ermaos Tejedor, os recentísimos Deua Dubra, Xuacu Amieva, Llangres... Un feixe de grupos qu'acompañaron el máxico ambiente d'esta noite durante tantos anos. Recordamos como especialmente tenso aquel nel que, xuntos Llan de Cubel y Felpeyu nel escenario, tábamos que nun nos cocía el pan nel peleyo esperando que todo salira ben. Llan de Cubel, chegao de pouco de Suramérica, esperaba todo el equipo que desembarcara en Edimburgo y tía que vir, desque chegara a Madrid, en autobús dende allí, pasando por Uviéu. Además, Felpeyu nun tuvo presente nel campo hasta ben entrada a madrugada, al ter que salir ás once da noite de Lleón el mesmo día y chegar a punto pr'actuar en Porcía. Al cabo, todo salíu ben.

Nun podemos esquecer a os locales Cádaba, muios d'ellos gaiteros da banda de gaitas El Acebro, amigos nosos todos ellos, que, anque con úa corta trayectoria como formación xa tiveron a oportunidade d'acompañarnos en dúas edicións y compartir cartel

por vez primeira pra ellos constituidos como grupo na celebración especial del XX aniversario, unde se pretendéu fer un repaso nesta edición a lo que foron 20 anos de Noite Celta de Porcía. Esperamos volver vellos nel pico del escenario.

Mirando pral futuro

Esperamos tamén a colaboración continuada y con más firmeza qu'hasta agora d'entidades y organismos que, anque outras veces nos deron axuda, quizabes nun ta de más recordar qu'os medios cos que se cuntan son ben froxos y el Asociación Cultural Alameda, responsable hoi da súa organización, ten que botar mao del axuda dos vecíos pra nutrirse económicamente y poder solventar as necesidades pecuniarias —que nun son pequenas— qu'un festival d'este xeito ten que ter en conta. Así, femos dende aquí úa chamada a todas as institucións que de dalgún xeito yes poda esmoler a preparación da Noite Celta, como é el caso del Conceyo del Franco y del Principao d'Asturias, pra qu'empuxen con más forza este relevante evento del Alameda de Porcía.

A lo meyor, «veinte años no es nada», como reza el tango, pero si que deron pra muitas ocasións y sensacións, pra encontros y emocións. Y recordos, señardades, anécdotas, nervios, tensións, apuros, satisfaccións, dalgún pequeno disgusto qu'esqueicemos el día despós y, tratándose da Noite Celta de Porcía, úas ganas tollas porque chegue xa, y a bon porto, a XXII edición. Amén.



As ciudades de pedra:

El arquitectura popular, ayer y hoi

↓ Raquel Martínez Reinal

El medio rural ta cambiando ás carreiras. A evolución económica ta brendo cambios non solo nos xeitos de vida senón tamén na fisonomía dos sitios onde vivimos. Xa quedan poucos lugares onde as edificaciones novas nun alleriaran ou sustituiran el arquitectura popular. Precisamente ún d'esos lugares qu'einda se mantéin abondo ben conservaos, Argul, sirveye de motivo a Raquel Martínez Reinal, arquitecta cuañesa que fai el sou llabor profesional na zona, pra reflexionar sobre as claves que definen ese tipo d'arquitectura.

Nel Decreto 64/2004, de 22 de xuyín, declaróse Ben d'Interés Cultural el Conxunto histórico d'Argul (Pezós). A iniciativa contou col apoio da Consejería d'Educación y Cultura al reconocer a importancia histórica d'este lugar abrindo un procedimiento administrativo que se resolvén cos informes favorables da Real Academia da Historia, a Real Academia de Bellas Artes de S. Fernando y a Comisión d'Urbanismo y Ordenación del Territorio d'Asturias.

Este apoio das institucións ha axudar, mediante os mecanismos de protección y conservación qu'actívan, a qu'el futuro d'este lugar sía menos incerto qu'el d'outros a os qu'a realidade social y económica del medio rural ta llevando á pérdida d'identificación col medio, con repercusións inmediatas na autenticidad del arquitectura que los define.

Esa arquitectura, a chamada *arquitectura popular*, amóstrase en Argul con toda a espresividá que nece-

sitaremos nel futuro pa entender as respostas qu'el ser humano daba ás necesidades que na solo cos recursos que ye apurría el medio natural y el inxento propio y colectivo.

En Argul, Pelorde, Santesteba das Brutes, y tantos outros lugares que merecen a nosa atención, encontramos exemplos muito bus d'la arquitectura popular que lleva muitos anos chamando el atención de grandes profesionales del arquitectura que reconocen a gran enseñanza que se pode recoyer nellos. Chegan a puella na mesma balanza na que poim a chamada *arquitectura culta*.

Arquitectura popular

Son muitas a reflexións feitas en todos estos anos d'investigación pa tentar de definir as características esenciaes da arquitectura popular, pero pode que sía el reconocido profesional Carlos Flores el que con

mayor precisión desglosou as claves que lo definen nun exhaustivo análise desarrollao en 26 puntos que quizabes sin querello deixa clara a contraposición entre el arquitectura popular achegada al medio agrario y el arquitectura culta ou, nel sou defecto, urbana.

Nun se trata aquí de trascribir con literalidá a totalidá das conclusións de Carlos Flores, pero si un extracto representativo d'ellas, que poden darnos úa idea clara de lo que tamos falando:

- Enreizamento na terra y nel lugar; resposta, case sempre inmediata y directa, ás necesidades y posibilidades dos futuros usuarios y á tradición histórica y cultural da zona na que se produce.

- Adaptación al medio. Muita influencia dos factores fisiográficos y climáticos, sin que represente por ello un «precipitao geográfico».

- Relación ben achegada coas tradicións del entorno respecto a os materiais, técnicas constructivas, solucións plásticas y organización dos espacios interiores.

- Predominio del sentido común. Pouco marxe pá frivolidá ou a fantasía.

- Muita incidencia dos factores económicos con aforro en todo lo que se poda, pero nunca nos aspectos que, más alantre, poderían trer gastos novos.

- A obrigada economía de medios materiais ten un efecto positivo al quitarye al arquitectura case todo lo que nun súa estrictamente necesario; sobriedá y elegancia son entoncias os resultaos habituales.

- Sinxelleza constructiva. A presenza d'un problema complica amañase mediante úa solución de problemas simples ún detrás del outro.

- Enfoque sin prexuícos respecto a os aspectos plásticos. Solucións de dentro a fora.



Úa porta na Cova (Grandas)



Un hurro amañao en Bres (Taramundi)

- En dalgúas obras del arquitectura popular poden detectarse fallos ou deficiencias por úa falta de formación académica. Estos fallos non solo son ás veces disculpables, senón que representan solucións positivas al incorporar elementos de tipo *naif* qu'a axudan a aumentar el atractivo del obra. De todos os xeitos, condo aparecen deficiencias d'este tipo nel arquitectura profesional, a súa valoración é totalmente negativa porque pon de manifesto el desinterés ou a incompetencia dos que la fain.

- A realización d'úa obra definitiva que vei ser utilizada pol que la fai y por muitos dos sous descendentes, fai desaparecer cualquier tipo de provisionalidad.


- El esfuerzo personal qu'a xente dedica ás súas obras dá pé a que s'amañe entre os dous úa relación afectiva que ten úa incidencia positiva nel resultado final.

- Al nun tar referida a úa pauta cronolóxica basada en reportorios formales, el arquitectura popular nun se pode dividir en periodos estilísticos.

- El arquitectura popular é un fenómeno vivo y non un exercicio de diseño sin más pol que se cobran cuartos. Esto lleva al arquitecto popular a puer cuidao non solo na súa casa, senón tamén na proyección exterior d'ella: soportales, cabanóis, terrazas, galerías, bancos, poyos, etc., detalles muitas veces esquecidos pol arquitecto profesional.

- El arquitectura popular nun se fai como un obxeto d'especulación, senón pa remediar úa necesidá del que la promove, que, nos más dos casos, é el propio usuario. Quizáis a esta circunstancia haxa qu'atribuir a falta de preocupación por daryes a estas obras úa parecencia que chame al consumo.

- El arquitectura popular vén determinada por un carácter rural ben marcao, non solo por encontrar neste medio dalgúa das súas raíces más fondas senón porque, hasta hai ben pouco, el carácter predomi-



RAQUEL M. R.

nante incluso na ciudá, era el rural. A ciudad como medio absoluto y totalmente urbano supón, en términos xenerales, úa creación exclusiva del noso tempo.

• El arquitectura popular ofrece, muitas veces, un predominio de valores volumétricos sobre os espaciales, anque a existencia d'elementos como el patio, galerías, soportales, etc., ha dar pé tamén a solucións d'úa calidá y significación indiscutibles dende el punto de vista del espacio.

Con este magnífico desglose feito por Carlos Flores podemos entender ben el arquitectura popular qu'encontramos nel noso medio rural y que de tanto interés resulta na actualidá tanto a os profesionales del arquitectura como a os que nun lo son. Agora que xa demos el paso del reconocimiento del noso entorno arquitectónico —que nun ta namás en Argul, senón en todos os lugares que conocemos na zona—, era ben que désemos el da gratitú amostrando a mesma capacidá creadora d'espacios que podan deixar úa herencia aparecida á qu'os nosos antepasados deixaron. O lo qu'é igual: habíamos fer algo más qu'admirar el arquitectura popular tentando d'imitalla y, en cambio, teríamos que mirar d'entender a súa identidá, a súa natureza y as súas circunstancias pa nun imitalla nas formas senón nas cualidades intrínsecas. Al fin y al cabo, entender y valorar nun son más que dúas acepcións da mesma palabra: *reconocemento*.

En xeneral, anque sempre hai escepcións ben valiosas, nel arquitectura que tamos vendo por ei agora, se la comparamos en virtudes col arquitectura popular qu'admiramos, botamos en falta el racionalismo funcional propio del arquitectura popular que tamos despreciando pol camín da mala imitación das formas y dos materiales, esqueicendo qu'a nosa obrigación é dar respostas nel tempo, na forma y nel espacio ás nosas prioridades, non a os tempos que xa pasaron afortunadamente.

Pa saber por qué ocorre esto, podíamos fer un recorrido por cada ún dos puntos descritos na llista de características anterior y descubrir que podemos

encontrar contradicións con case todos entre aquellas formas d'edificar y as actuales. Son discrepancias na fase de creación, nel proceso constructivo y, por tanto, nel resultado final; sin embargo, ta nel empezo del proceso, nos sous autores, el desencadenante de todas as pautas que fain del arquitectura que conocemos un fenómeno distinto al del arquitectura popular.

Arquitectos populares y arquitectos profesionales

Carlos Flores usa dous términos que definen muito ben a os autores del arquitectura: el «arquitecto popular» y el «arquitecto profesional». A diferencia que nos interesa resaltar, nel asunto del que falamos, entre entrambas figuras xestoras é a de qu'el primero é a un tempo el autor y el cliente del obra, y nel

caso del segundo son figuras distintas: nun hai más identidá qu'a que salía da búa voluntá pal entendemento entre arquitecto y cliente.

El arquitecto profesional hoi é úa figura inevitable nel proceso constructivo y polo tanto desapareceu a figura del arquitecto popular. Queda entoncias claro qu'el arquitecto agora é un elemento esterno nel proceso creativo qu'ún ten qu'incorporar se quer fer úa casa. Però nun é el único porque agora temos que ter en conta el cumplimiento d'úa serie de

normas urbanísticas de índole estético que tamén intervén nel resultado final. A realidá entoncias é qu'el proceso creativo na actualidá ta mui lloñe de tar personalizado na individualidá del promotor; al revés: ta partido entre a vixilancia urbanística, as lleis dos sistemas constructivos, a esixencia de confortabilidad y as necesidades funcionales que marca el promotor, però agora é a figura del arquitecto a qu'axunta todos os factores y se fai responsable del resultado final. Éste é entoncias el punto de partida del proceso edificatorio y marca claramente a mengua da identifica-



Un llouxaio tradicional

RAQUEL M. R.



Argul (Pezós)

ción entre el promotor-amo-habitante del obxecto que se ve construír y os seus autores. Nun significa esto qu'el primeiro perdiera toda a súa capacidade d'intervención, pero si predomina a profesionalización por encima da improvisación y, sobre todo, as influencias culturais sobre el proxecto deixan de ser as locais ou inmediatas y recoyen bagaxes y referencias muito máis amplias polas razóns obvias da preparación intelectual del arquitecto y el, cada vez maior, coñecemento que temos del mundo onde vivimos.

Dalgúas conclusións

Definitivamente entón, toda el arquitectura actual ta intelectualizada y nun hai pasos atrás neste sentido. Condo la cuestionamos ou la contrapueamos col arquitectura popular temos que darnos conta de qu'os elementos qu'entran en xogo agora son outros, pero si hai úa pauta que compartimos: el tempo, a perdurabilidade del obra que queremos fer. Condo aceptamos qu'el arquitectura heredada nos nosos lugares tuvo a capacidade de dar resposta ás necesidades da xente durante siglos sin inmutarse, temos recoñecendo implícitamente el autenticidade que tía. Ta al alcance de todos úa realidade na que vemos formas y xestos qu'arromendan outros que nun sabemos d'ónde veñen y que muitas veces son inviables incluso técnicamente. Eso son intentos fallidos d'arquitecturas pouco al xeito porque nun chegan a asentarse nel paisaxe arquitectónico: que nun aguanten el paso del

tempo é un claro síntoma de que, por encima de todo, son erros irreversibles. Un exemplo de todo esto é el fracaso estético y técnico que supuxeron as cubertas fragmentadas con hastiales, inéditos hasta entón na el arquitectura da zona; pa fer tal esforzo formal tiveron que baxar a cayda das auguadas de llouxa y, veinte anos despois, aparecen filtracións d'auga que nun tía qu'haber se se respetasen as leis naturais dos materiais.

Sobra dicir que non de toda el arquitectura heredada hasta agora temos qu'esperar a sorpresa y el admiración que nos produce a que temos en Argul; de feito, non todos os lugares son valorados como Ben d'Interés Cultural. Non solo nos chegou a miyor: tamén sobreviviron al paso del tempo exemplos menores que nun foron quen a dar todas as respostas que s'esperaba condo se construíron y por eso temos que saber diferenciar as lleccións boas y malas que nos dá el arquitectura popular.

Peró, al cabo, nun podemos zarrar os oídos a esta realidade na que vamos axuntando experimentos d'outros y erros que se traducen llougo en situacións caras economicamente y por eso buscamos a identidade nel noso pasao. Peró esa identidade nun ta nas formas: tá na lóxica del proceso edificatorio y constructivo. Partindo d'esa lóxica qu'ás veces nun ta buía de recoñecer quizais pódamos experimentar formas novas igual que lo fixeron os nosos antepasados hasta deixarnos un precioso legado qu'agora non solo nos reporta un patrimonio que manter y disfrutar, senón que parece que veñe ser un soporte económico nel futuro dos poblos.



SAN TISO MÓVESE:



A FEIRA Y A MALLA

↓ Aurora García Rivas & Ángel Prieto Souto

Entre o oito y o dez d'abril, coincidindo coa Semana Santa, celebróuse no pabellón dos deportes a VII Feira d'Artesanía e Productos do Campo en San Tiso, organizada polo Concello e coa colaboración da Consellería d'Industria y Empleo do Principado d'Asturias, a Caixa Rural e Caixastur.

O xoves, ás doce da mañá, coa presenza da Conselleira de Medio Rural e Pesca, Servanda García Fernández y a Alcaldesa Goretti Quintana, ademáis d'outros alcaldes y autoridades da comarca, inauguróuse a Feira coa actuación do grupo de gaitas «El Acebro» da Caridá.

Este ano houbo 34 stands, de San Tiso e de comarcas d'orredor, tanto d'Asturias como de Galicia, nos que se podían ver e gustar produtos típicos da zona, queixos, chourizos e toda clase d'embutidos, pan, roscas da Semana Santa, dulce de mazá, mermelada, mel, empanadas y outras cousas feitas de maneira artesanal, en recordo do que se facía nas casas hai moitos anos, aquilo que nosas aboas e nosos abolos poñían na mesa os días de labor y os de festa. Ademáis era ben interesante ver a artesanía, os cestos, as imaxes, os masoiros, mobles, cuitelos e traballos de forxa, quiasolita, prata, acebache, cerámica, coiro, madeira, toda clase de bisutería, cousas grandes e pequenas tanto d'utilidá como outras que tamén o son aínda que nun o parezan, como xuguetes y adornos.

O venres pola mañá tamén tuvo unha intervención a rondalla «Nostalgia» de Villacondide de Cuaña,

e pola tarde houbo un taller d'elaboración de produtos artesanos con chocolate, dirixido por Villa Melba de Boal.

O sábado Ángel Prieto Souto coordinou unha charla coloquio sobre «Rentabilidade das especies forestales», asunto moi interesante pros tempos que corremos, nos que fai moita falta concenciar-se do importante qu'è velar e fomentar o cuidado do ambiente natural, non sólo porque é un legado que temos a obrigación de gardar pros que veñen detrás, senón porque a nosoutros nun nos fai máis que ben. Falar dos nosos árboles autóctonos, da nosa flora, e darlles a importancia que merecen nunca ta de sobra. Eso tendo en conta, ademáis, que poden ser rentables económicamente.

Ás cinco actuou o grupo de gaitas «Brisas del Eo de San Tiso», e despois houbo un taller d'elaboración das Roscas da Semana Santa, dirixido por María de Rodil e Carolina Acebo, que foi o momento máis entrañable y o máis interesante d'esta feira na que s'intenta tamén recoller costumes d'outros tempos, pra que nun esquezan. Mentres un veciñ roxaba o forno elas dicíanlles ós nenos como tiñan que mezar a fariña, os ovos, a manteiga y amasala de xeito pra que saliran ben espiladas e ben cocidas. Pra rematar,

despóis de cocelas déronse a probar á xente que taba alí. E saliron mui boas.

María Rivas (do Marino) acórdase de que súa sogra Aurora y o home iban a casa de Basilio, ó Chao, comer as roscas e tomar o viño o día de Xoves Santo. Isto era aló polos anos trinta e corenta. Había outra taberna, a de Benito. Parece ser qu'eran as únicas. Un dos Baslios fora alcalde de San Tiso e tiña máis parroquianos qu'o outro. Era unha festa na que se xuntaban os veciños pra comer as roscas e beber o viño e falar das súas cousas. Naquel tempo había unha muller, a Coldeira, que xa facía roscas pra vendelas. Parece qu'isto era namáis que d'alí, pois nun se coñece que se fixeran roscas noutros sitios, a lo menos cerca, y os vellos falaban de qu'isto viña d'antes da República.

Ademais de todas estas actividades da Feira, José María Bouza, de «Artesanía Eugenio», fixo todos os días talla en vivo, ben guapa, e Ramiro Miranda dirixiu un taller de cestos. De todo o dito dábase boa conta a través de «Radio San Tiso». Aida Bello e Moncho López, tiveron encargados d'este guapo labor, facer chegar a todos os veciños o qu'iba pasando na Feira pola radio.

Nos restaurantes d'Amaído e Sansidro servíronse todos os días pratos pra ocasión, típicos da zona.

RECETA DAS ROSCAS DO XOVES SANTO Dada por Carme Trigo Martínez, da Antigua

Ingredientes:

Unha dúcia d'ovos
500 grs. d'azucres
300 grs. de manteiga de vaca
Levadura de pan (algo así d'ela como unha noz grande)
Fariña (a que faga falta)

Prá preparación:

Revólvense os ovos co azucres y a manteiga, que ten que tar algo mole. Revólvese todo e vai amecéndose a fariña pouco a pouco, con unha cullar de madeira hasta qu'o líquido quede absorbido. Despóis vólcase todo derriba da mesa; amécese a levadura e síguese amasando coas maos, amecendo fariña hasta que se faga unha masa que nun s'apegue ás maos. Ten que tar mui ben amasada coas maos. Despóis faise unha bola, e poise nun cacharro pra deixala en repouso nun sito de calor hasta qu'espila abondo.

Cando a masa ta espilada, vaise cortando en cachos e faíñse as roscas, barnízanse con ovo batido e cócense a forno medio.



Facendo nas roscas

cembre, de segalo en sazón, amedeiralalo y encarrelo-lo, da mesma maneira que se fixo toda a vida, cando se labraba e se cocía o pan na casa.

Tuveron na malla a Conselleira de Medio Rural e Pesca do Principado y o Director do Instituto de Desenvolvemento Rural, así como as autoridades locais y unha chea de veciños dispostos a axudar. Como o ano pasado, fíxose unha comida tradicional, a base de garabanzos, carne de cocho e patacas, e queixo e dulce pró postre. Este ano houbo unha chea de xente.

O pregón tuvo a cargo do escultor nacido no Chao, Fernando Villapol Parapar, que ten feitas moitas d'esposicións tanto en Galicia como en Asturias, e na semana tiveron distintas actividades culturais como cine ou radio, onde se botóu, en tres capítulos, a obra de teatro *Ninet y un señor de Murcia*. Como actividá lúdico-cultural houbo unha excursión pra visitar en Bretoña o museo de Fernando Villapol, e tampouco podían faltar as verbenas y as gaitas, este ano co Grupo de Gaitas de Lourenzán (Lugo) y a consiguiente xira campestre pra rematar unha semana que tuvo chea d'actividades ben interesantes e ben organizadas. Houbo tamén campionatos deportivos de fútbol e tenis.

Hai que felicitar á Asociación Cultural «San Tirso del Eo» porque demostrou que sabe superarse e que traballa de firme pra que todo salia ben. Dende estas páxinas, grazas a todos polo interés e pola axuda.



Apurrindo na malla

A II Festa da Malla

Incluída na XVI Semana Cultural de San Tiso d'Ambres, fíxose a *II Festa da Malla*, entre o 16 y o 22 d'agosto. O día 19 levantóuse a meda, este ano no área recreativa, y o día 21 fíxose a malla e fíxose o pallero. Todo isto despóis de labrar o trigo aló por de-



MANUEL PÉREZ FERNÁNDEZ- CASARIEGO (1830-1900)



↓ Félix Martín Martínez

Nun tempo en qu'el labor empresarial na vila de Tapia parez que tocóu fondo, condo a pesca se mantén baxo mínimos y a labranza pinta cada vez máis úa estampa del pasao, botamos úa oyuada a medios del s. XIX, condo a vila tapiega parecía vivir metida núa dinámica económica miga ruía. A familia Pérez Fernández-Casariego tuvo muito que ver nel empuxe d'esta actividá económica.

ENTRABAS AUGURS

M

Manuel Pérez Fernández-Casariego era fiyo d'Andrés Pérez de Memies y de Teresa Fernández Casariego. Sobrín de Fernando Fernández Casariego (Marqués de Casariego), tuvo cinco ermaos: Francisco, Fernando, Narciso, José María y Constanza. Estudióu el Bachillerato entre Uviéu y Madrid, pra emi-

grar ben axina al Brasil, unde nun tuvo muitos anos.

El sou agayo emprendedor levóulo a fer alí dalgús negocios y a manter sempre un nivel ben alto de relacións sociais.

De costumbres morales mui rectos, anque demasiao reservao, Manuel Pérez Fernández-Casariego tuvo un tempo sin dar señales de vida á súa familia tapiega. Desque volvéu, lougo empezóu col sou labor empresarial nel que por aquel entoncias era úa actividá



con muito empuxe en Tapia: a industria conserveira. Supónse que botaría mao del capital xuntao mentres tuvera en América.


Precisamente el sou carácter serio y austero fêxo-ye ganar a confianza de sou ermao Francisco, inxenheiro de Camiños, Canales y Portos, que xa diseña-va el trazao da carretera que vai d'Uviéu a Galicia (N-634), ademáis da canalización del río del Anguileiro, y al que sou tío ye encargara acabar as obras del porto de Tapia. Tendo en conta que Francisco taba en Madrid en calidá de caxeiro del Banco d'España, este delegóu al tempo en Manuel, quen al cabo dirixíu el acabamento del obra portuaria tapiega dende a súa casa patrucia, na Punta del Cuitelo nº 7 (heredada pola familia tapiega da Fonte). Esas obras, qu'empe- zaran hací 1869, nun se remataron hasta xa ben me- tidos nel outra década.

Xunta sou ermao Fernando, Manuel abríu a *Fá-brica de Conservas Alimenticias Pérez Casariego*, que tuvo nel Campo Grande, nel edificio que dende 1927 se conocéu como El Edén. Alí vivíu cúa súa muyer Lorenza Méndez Pérez, cúa que tuvo dez fijos: Fran- cisco, Pepe, Ángel, Rosario, Carmina, Elena Juana (maestra oficial que puxo escola nel edificio del Edén), Oliva, Carlos (autor da letra del himno al Mar- qués de Casariego en 1930 y escritor d'obras de tea- tro como *Los enemigos del alma* ou como *Lucha en la conciencia o inspiración de un ángel*, obra esta dedicada al Círculo Católico d'Obreiros, unde exercía de sacretario), Manola (muyer de Manolo da Fonte y maestra particular, que puxo escola na casa da Pun- ta del Cuitelo da que falamos antias y na escola de San Martín, hoi Escola Municipal de Música) y Aman- cia, morta condo fundíu el barco que la levaba nun viaxe del Habana a Montevideo en 1919, sucedido que cunta el prolífico escritor asturiano Jesús Evaris- to Casariego nel sou libro *Asturias y la mar* (1976). Estos dez ermaos, ademáis das súas respectivas fami- lias, foron conocidos popularmente en Tapia como *os da Fábrica*.

Como empresario das conservas, Manuel Pérez Fernández-Casariego recibíu varios galardóis en di- ferentes Exposicións d'Industrias Alimentarias, como a medaya de cobre da Sociedá Gaditana d'Amigos del País en 1879, ademáis d'en Londres (1883) ou na Exposición Rexonal de Galicia, en Pontevedra (1886).



Al tempo del sou labor na fabricación d'alimentos en conserva, abríu, outra vez d'emparzaio con sou er- maio Fernando, úa *Fábrica de Cerillas*, que tuvo pri- meiro nel lugar da Corredoira, na parroquia tapiega de San Esteba, nun edificio feito novo, de 221 m², d'un piso, departamento prá maquinaria, úa oficina y un pozo d'augua. Todo xunto, a finca tía 21'73 áreas, que la comprara Manuel a Saturnina Méndez-Piedra y Oliveros en 1896 por 3.000 pesetas. A fábrica de ce- rillas mudóuse despóis pral edificio da fábrica de conservas, pero zarróu al pouco porque había quei- mas cada bocadín.



Fernando morréu antias que Manuel, que falecéu na vila de Tapia el 24 de xunio de 1900. A *Fábrica de Conservas Alimenticias* pasóu entoncias a maos da viuda y fijos d'aquel, agora col nome comercial de *Fábrica de Conservas Alimenticias de F. Pérez Casa- riego, sucesores, viuda e hijos de P. Casariego*.

A partir d'este momento nun baxóu el actividá co- mercial da Fábrica, nin muito menos: sabemos polos sous libros de contas, que temos en propiedá, que se fixeron importantes esportacións al continente ameri- cano, principalmente al Habana y Buenos Aires, a lo menos hasta 1908, operacións comerciais que se fian dende el porto de Santander.

BIBLIOGRAFÍA Y FONTES:

- FERNÁNDEZ MENDEZ, D. & LÓPEZ, C. (2001): *Historia de Tapia a través de sus calles*. T. 1, Ed. Nobel, Uviéu.
 Archivo particular de José Maximino Fernández López, Cam- pos (Tapia), agosto de 1999.
 MARTÍNEZ PÉREZ, Manolita (da Fonte). Informante oral de 83 anos. Tapia, agosto de 1999.

Mouras, encantadas y arqueoloxía



Muitas veces dalgús dolmes, castros, llabores da mineiría aurífera romana ou hasta accidentes del tarrén, atribúyense a personaxes míticos: el demo, os mouros... Neste caso imos acuparnos das mouras, que tamén se yes chama encantadas ou encantas. Xa temos dito nas páxinas d'ENTRAMBASAUGUAS qu'a palabra «moura» ta refiríndose á 'non boutizada', quere se dicir, 'a xentil', y que nun ten miga que ver cos árabes históricos.

↓ Alberto Álvarez Peña

Son muitas as hestorias que falan d'úa muyer xigante que levaba na cabeza a cobertoria del dolme da Pedra d'Enterríos (Eilao y Allande) mentres iba filando tan tranquila. Por eso al dolme qu'hai allí tamén lo coñecen como A Llastra da Filadoira. Dalgo aparecido atopamos na Gramela (Ibías) nel tan nombrao dolme de Pradias. Aquí dizse qu'a xigante é úa moura qu'iba filando mentres levaba a llastrúa na cabeza. Amecen, ademáis, que col calcaño deixóu marcada a písuada núas penas de cerca. É esta a explicación que se dá a dalgús petroglifos con xeito de cazolos qu'hai allí.

Relatos aparecidos encontrámoslos tamén en Cataluña nel pico del Bosa de Sarraca, al pé de Piñana (Pallars Suroccidental), unde úa *encantat* salíu del ribón d'Estany Obert cúa cobertoira del dome na cabeza y as demáis pedras debaixo del brazo y nel mandil, mentres iba filando tranquilamente. En Euskadi

é *Mari*, a principal divinidá da súa mitoloxía, a que lleva na cabeza a llastra del dolme de Mendive (Gaxteenia): mentres andaba tamén iba filando. Volvendo pr'Asturias, dicíase qu'el dolme de Contraquil (Cangues d'Onís), al que ye levantaron úa capiya derriba, fixéranlo *les xinxanes* qu'iban allí descansar, hasta que las fixeron fuxir os cristianos al construír a capiya dedicada á Santa Cruz. Nel condado de Meth (Irlanda) fábase da Veya de Berg, úa muyerúa veyá, como se fora úa bruxa, que lleva úa regazada de pedras que deixa caer amañando así dolmes y menhires. Tamén vai filando al tempo y dizse que vén col vento de Noruega. Nel Munster (Irlanda), unde tamén hai este personaxe, asúmese como úa divinidá agraria relacionada cúa fertilidá porque ta presente noutras lendas sobre el tempo da sementeira, sega y mayega. Tamén é interesante comprobar cómo en Asiegu (Cabrales) se fala da Cueva la Híladora, unde por San Xuan salía úa muyer mui veyá y poñíase a



El dolme d'Enterríos (Ellao-Allande), conocido como A Llastra da Filadoira

b.ilar (filar) na porta da cova. Este sito comunicábase por dentro con outra cova que chaman La Cueva la Mora (cuntao por Inaciu Pedreira, 52 anos, Asiegu, Cabrales, 1-11-1998).

En Penacolmea, en San Salvador (Allande), unde podemos ver dalgús petroglifos catalogaos por José Manuel González como d'época calcolítica, tamén fan da veyá filando cua roca por San Xuan. Pinta que tamos delante d'un numen europeo ben veyo, un demón femenino al que tamén se ye atribuyen os fenómenos meteorolóxicos. Avezan a relacionalla col inverno, al ir filando ou cuas cardas da lla. En Provenza chámase *vieto* y provoca os espayismos solares; en Brescia chámase así al cerzo; en Bretaña chámase a *mérienne* (querse dicir, a fada «meridiana»). Tamén é chamadeiro comprobar qu'el remolín de vento chámase en altoalemán *dru-denuwind* ('vento da bruxa') y en euskera *sorgi-naize* (*sorgiña* é 'bruxa'). En Asturias, tamén fendo referencia a este personaxe, al arco iris chámase *arco da veyá*.

Antigamente, nel conceyo de Piloña, cuas primeiras nevadas, os pegureiros tiraban pral monte y preguntaban «¿Qué traes, vieya?». Nas Highlands escocesas é a *cailleach bheur*, úa bruxa que personifica el inverno, y nel Cromarty inglés é a *gentle annis*, outra bruxa que traí os vendavales del suroeste⁵ y que se relaciona con dalgús monumentos megalíticos. Nos chaos de Brandemburgo dízse qu'úa xiganta alemana fexo os montes pra quitar de qu'os homes desinciaran a súa raza⁶.

En Sama Grau, outra vez en Asturias, dízse que nun sito que chaman L'Azorera houbo La Peña la Mora, un penedo qu'úa moura levóu na cabeza hasta allí de castigo. Enguano ese penedo sumfuse por causa d'úa chía (cuntao por José Munín, 72 anos, y Olegario Arias, 56 anos, Sama Grau, 13-1-2001). Dalgo aparecido se cunta da Piedra la Moura ou Altar de Santa Fartalla, en Miranda, cerca da Peña la Malata y delante del Monte'l Couríu. D'ella dízse que la subíu na cabeza úa moura como castigo dende el río de Miranda. Se nun lo fía



El Penedo da Penedrada en Campos (Tapia)



Arco da Veya

amenazaran con matalla (cuntao por Secundino González Suárez Conde, 75 anos, El Faéu, Miranda, 7-6-1997). A pedra inda se pode ver, aunque nun é un monumento megalítico.

Peró dolmes y formacióis de pedras con xeito chamadeiro nun son el único que deixaron como rastro na imaxinación popular estos entes mitolóxicos. Tamén as presúas da mineiría romana, pra provocar a chamada *ruina montium* y coyer el ouro dos montes astures, tein llendas aparecidas: «Por derriba da Arruñada hai dúas presas que mandóulas facer por úa aposta úa reína mora guapísima. Había dous pretendientes y ela dixo que se casaba col primeiro que fixera chegar el augua de cada río: úa presa traía el augua del río de San Cristobo y el outra a del río de Pastur. Tamén pr'aí pr'a Arruñada, nel Vale Bidul —que retremba col eco, vas pisando y sona— había outro encanto, úa colobra grandísima qu'era úa princesa mui guapa encantada que lle dixo a un paisano que se presentase alí pra desencantala, de maná, qu'ela iba facerse colobra y iba enroscárselle al pescozo. Tía que facer eso por tres días y cada día iba apretar un pouco máis, pero dicíalle que nun tivera medo, que nun iba afogalo. Pero el home asustouse porque el encanto apretaba muito y al terceiro día nun foi. El encanto maldicfulo. Tamén se dicía que nel Valle Bidul había un boi d'ouro y muitas pedras de que tuveran os antigos, os moros, porriba das Cortes d'Eirelo» (cuntao por Gerardo Álvarez Martínez, 50 anos, San Pedro d'Iño, Samartín d'Ozcos, 22-8-1998). A primeira hestoria asoménase á das tres

presas, que chaman *antiguas*, feitas por Roma pra llevar el augua dende El Pozu la Molina, na Espina (Salas) al Pozu Fullaricos ou Cillericos en Ablaneda (Godán, Salas). Nesa hestoria úa princesa manda a mesma aposta a tres pretendentes pra poder casar, aunque ún d'ellos, el demo, xorobo y feo, fai as tres antigas núa noite. Por eso a princesa diz: «primeiru se funda'l palaciu comigu que casame con esti diañu» y, según a llenda, unde taba a balsa de decantación a unde iban parar as antigas, fundíuse el palacio y allí quedóu encantada. En Teinás y Parada la Viecha (Cangas del Narcea) é a propia moura a que fai a presa, que chaman La Presa la Moura. Dicíase que fora úa aposta a que nun fian un molín en Porlléi, na Zapatina, sito unde ta catalogao un castro. A presa tría el augua del Río Oural.lu, dende el alto del Cabril, en Llaciana, y iba porriba de Xenestosu, Brañafontes, L'Accebal y La Zapatina, en Porlléi. A moura iba filando y fendo a presa cos tacos da súa galocha, pero condo chegou al molín faltábaye fer a moxega y entoncias el augua volvéu pr'atrás. A presa quedóu pra sempre (cuntao por Primitivo Vicente Álvarez, 66 anos, Teinás, Cangas del Narcea, 29-4-1999). En dalgúas versióis dízse qu'a presa féxola a moura dende El Picu Bidurayu y que tía qu'acaballa antias que cantara el gallo (cuntao por dalgús vecíos de Parada la Viecha, Cangas del Narcea, 29-4-1999).

En Benllera (Lleón) fábase d'un molín da Griega y d'úa Peña la Griega unde quedóu marcada a presa que fexo a muyer col taco da galocha. Tamén alí el augua volvéu pr'atrás. A os xentiles tamén yes chamaban os «antiguos» ou os «paganos galigrecos» en dalgús documentos del s. XVII^a. Atopamos topónimos aparecidos como La Cueva los Griegos, en Cibeira (Cangas del Narcea), ou El Molín de los Griegos, en Perl.lunes (Somiedo), con abondas referencias a tesouros.

Hasta aquí chegamos con estas notas sobre un asunto que, como se pode ver, ten abondas ramificacióis. Como sempre, queda muito por fer y pouco tempo pra recoyer hestorias que se tán esquecendo ou sumíndose y que morren al tempo qu'a nosa xente.



NOTAS:

¹ OLIVIER DE MARILLAVI (1995), *Pequeño diccionario de Mitología vasca y pirenaica*, Ed. de J. J. De Olañeta, Barcelona.

² J. M^{te}. DE BARANDIARAN (1992), *Mitología vasca*, Elkar, Bayona.

³ F. ALONSO ROMERO (1998), «Unha análise dunha cacería ancestral nos países célticos», *II Congreso Internacional sobre a Cultura Celta*, Ferrol, 21 de novembro de 1998.

⁴ P. GARCÍA MOUTÓN (1984), «El arco iris, geografía, lingüística y creencias populares», en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XXXIX.

⁵ A. ÁLVAREZ PENA (2004), *Brujería en Asturias*, Picu Urriellu, Xixón.

⁶ VV.AA. (2002), *Gigantes y Ogros*, Folio, Barcelona.

⁷ E. MARTINO (1994), *Mitología leonesa de origen romano*, CajaEspaña, Lleón.

⁸ A. MARTÍNEZ SALAZAR (1909), «Sobre apertura de mámoas a principios del siglo XVII», en *Boletín de la Real Academia Gallega* 26-36, A Coruña.



↓ Entrambasaugas

Condo taba acabándose el mes de xunio, xusto el víspera da festa de San Pedro, como se el craveiro del Célo lo chamase, falecía en Uviéu el noso amigo Jacinto Díaz López. Jacinto, que tía 96 anos, era maestro d'enseñanza primaria —como a él ye gustaba chamarse—, y exercera a súa pro-

fesión sempre con verdadeira vocación y exemplaridade, primeiro na Vigüía (Tapia), llougo en Bual, unde tuvo moitos anos, y despois en Uviéu. Nos tres sitios deixóu tía brillante llección de lo que ten que ser un bon ensenante, como así lo atestiguan os rabaños de nenos —hoi homes y muires— que durante máis de corenta anos tiveron a sorte de tello de maestro.

Con Jacinto Díaz fóisenos ún dos puntales cooperadores d'ENTRAMBASUGUAS que, desque víra a luz alló pol brao de 1996, acoyéu as súas interesantes colaboracións, feitas todas elas cúa ilusión de qu'es-

ta publicación fose medrando.

Nacido na Roda (Tapia), era un bon conocedor del gallego-asturiano, y non sólo conocedor senón defensor de qu'a *nosa fala*, como a xente ye chama, nun se perdesa. Así, escribiu el libro *Ditos, refráis y outras cousas* (Consejería de Cultura del Principao, 1993) y, en colaboración col

sou amigo Manolo Galano, fixeron el *Vocabulario d'a Roda* (Consejería de Cultura del Principao, 1993), al que ye dedicaron os dous llargas horas d'agayoso trabayo. Y xa, condo rondaba os noventa anos, inda tuvo arrestos pra concursar al IX Premio Xeira de narracións curtias en gallego-asturiano y, por suposto, ganallo.

Namáis nos resta deixar constancia del noso sentimento pola morte d'este home, sentimento que compartimos col da súa viuda Amalia Corveiras y col dos sous cinco fiys que, por certo, siguiron el camín de sou padre y de súa madre como ensenantes.

Tuveron ben en quén espejarse. 





A FONTE

↓ José Manuel Martínez Castro

Meu ermao era algo máis novo qu'eu, pero había entre entrambos úa furada que m'estremaba d'él como se d'un extraño se tratara. Nun andaba mui confundida a xente al dicir que talmente pintaba ser de fora, porque sempre miraba pral mar, algariando por prayas y arribadas; como esas personas que tán nun país mui lonxe del sou y a señardá faiyes velo máis aló das olas.

Acórdome d'un día cuase al cabo del inverno que trouxo col riscar y el sol úa vaga de mar, y con ésta úa marea d'ouca como nunca tal se vira. Qué cousa miyor pra fuxir da casa y nun pensar en volver antias del hora da xanta. A ribeira taba semada d'ouca y na escabezada a ceba fía un suco nel que se guardaban os cangrexos máis pequenos y espantadizos.

Aquel eiro d'ayalgas y maderas veyas era tamén un cementerio alxeito de cáscaras fofas de cornos baleiros de vida. Meu ermao cría qu'esas cascarías lavadas mil veces pol augua tían einda dentro el eco d'úa esistencia pasada, consumida nos pedreiros y cantiles sin acabo del mar. Coyéu úa d'aquelas caxas de música marías y púxose a escuitar sin muito afán.

Peró esta vez nun podía pensar que nesa praya veía y amiga el medo ye feiría enfermarse d'un mal del que xa nun sanaría xamáis; y mentras botaba lonxe de si el corno maldito, deuse de conta de que nun iba ser quen a deixar d'escuitar aquela voz de muyer, desconocida pra él: «Ven. Tou esperando por ti».

Despóis d'ese día atopéilo cambiao, pero tamén máis home. Dicía el médico qu'el medrar ten cousas como esa y que cualquier día un mozo alto y garouto habería d'erguerse da cama unde pousara pra comernos a todos as papas na cabeza. Nun sei. Os da casa esperábamos como as ánimas qu'el mozo ye dera a razón al doctor pero pasaban os meses y meu ermao esmorecía como un muñeco de neve condaño a nun ver chegar nunca el bon tempo.

Aquel verao soupen qu'examáis volaríamos os dous nel ameicerín pral banco de pedra da rampla, el recanto favorito dos gatos, a esperar polos botes que volvían ben cedo del mar; y habería ser alí pero nesa outra hora bendita da sesta unde escutí a voz d'algúen dicir: «Hai un barco embarrancao na Punta da Cruz».

Volvín entós a cabeza mirando prá casa y, sin saber por qué, estremecínme. Salín ascape caye arriba,



ENTRABASUGUAS

chegando al pico da costa, por riba dos louxaos, y vinlo correndo pol mitá de praos y meizales, con alas que lo levaban nos pés, con forzas novas nas pernas, y escapéi detrás d'él, tan axina como puiden, mentras na vila, a úa porcesión d'homes y mueres re-nembrábanse historias de mariñeiros afogaos y barcos que se perderan.

Como un rigüilete deixéi os contornos da vila y siguín pol camín máis curtio, pisando toxos y artos, sin querer saber nada da carretera que levaba por aquelas talayas aporondadas; fuxindo de pozas y arreboladoiros, mirando namáis pra lonxe, como fain os páxaros, y vinlo chegar al faro pequeno que domina as arribadas.

Nese momento erín dar en tolo y alcancéi el faro como el relustro amura de súpeto na solombra d'úa sala guardada. Vin rabiao cómo el daba col acabo del camín y escrequeñábase buscando úa baxada.

Foi entós qu'os palos del barco pareceron delante de mín, pero non arrimaos á punta de terra, senón máis lonxe, rumbo al mar aberto. Sintín úa extraña sensación de trunfo. El buque xa se fora, mais nun levara el qu'eu quería. Meu ermao tía que tar por alí, nel pico da arribada.

Subín pol penedo y nun vin máis qu'as olas rompendo embaxo, contra as pedras del cabo. Quedéi coyido entre el aquilo de ter que baxar, anque namáis fosen us metros, y el medo a cayer, pero con-do máis perdío taba atopéi úa rañadura estreita pola que baxéi todo el que puiden. Nun había máis ca-

miníos naquel sito esquecido por todos. El único esconderite posible tía-lo debaxo dos pés.

Aquel canto pequeno chen de pedras rañadas fê-xome chorar. Sentéime como puiden enriba das pedras y el camín esgazóuse. Un xogal de pedrías ca-éu al mar. Quixen lougo volver a choramícar, pero taba visto que nun podería felo en paz, porque, erguéndome nel corazón del penedo y mirando pral mar que me desafiaba, sintín un bule-bule que medraba por momentos y que chuchaba agora os meus pés como el can da casa.

Taba núa mancadura da mesma pedra que sangraba augua dulce, escolándose desde el pico camín del mar. Esa fonte sigue alí, aveirando secretos que naide máis conoce, y nun se sabía xa se esístían ou non, pero qu'un día cualquiera atopamos guardaos nel houcha del desván.

Agora pasan os días y chega el outono y outro inverno. Lougo, medrando, vanse as tardes lixeiras camín del verao. Entós a vila abúltame ayía, folga de xente desconocida, y escoyo a compañía d'aquello que nunca cambea, d'eso no que sempre se pode crer: a praya, el mar, as arribadas y el faro. Véxola alí, al augua, chumbándose desde enriba, como úa ponte de luz xuntando mar y terra, olas y praos. Nun sei por qué, pero ta alí, quizáis unde sempre debéu tar, nel sou canto, y con-do ás veces os veraniantes preguntan cómo se chama esa fonte d'augua branca y pura como un espeyo, eu dígoles, sin entender einda miga, el nome d'aquel que foi meu ermao.

SALIME:

un salto de cincuenta anos

El Río Navia, con úa conca de 2.654 km², chega dende a serra d'Ancares, na fronteira das provincias de Lleón y Lugo, hasta el Cantabrico. El río dá el sou nome al empezo y al acabo: nace en Navia de Suarna, en Galicia, y desemboca en Navia, en Asturias. Nel medio, en dalgún dos sous tramos, fai de fronteira entre as dúas rexóis. Úa das características del río é a súa gran riqueza hidráulica. Tres presas, a d'Arbón, a de Doiras y a de Salime, sácanye enerxía eléctrica á súa augua. El última d'estas presas, nel conceyo de Grandas, cumple anos y por eso quixemos acordarnos d'ella.

↓ Miguel Ángel Pérez Suárez

El Salto de Grandas de Salime cumpríu neste 2004 cincuenta anos. Condo s'inauguróu foi el máis alto d'Europa, xunto al francés de Boort-Les-Orgues, nel Río Dordoña. As obras pa fer el salto duraron nove anos y nelas trabayaron miles de personas pás que fe-xo falta fer instalacións de todo tipo, entre ellas un poblao, A Peicega, na lladeira que mira prá presa. Vían de muitas provincias, sobre todo das más probes. El salto trouxo muito trabayo y beneficios, lo que contrasta col declive y el despoblamento que vive hoi toda a zona.

Todo empezóu condo a finales de 1945 dúas empresas, Hidroeléctrica del Cantábrico y Electra de Viesgo, acordaron, en réxime de comunidá de beis y col nome de *Salto del Navia en Comunidad*, cons-

truír un gran salto d'augua: el Salto de Salime.

En marzo de 1946 empezaron os trabayos pa preparar y abrir os accesos al sito unde iba construírse el embalse. Primeiro, un camín monte abaxo nel llao esquerdo hasta el río, con un desnivel de más de 500 metros; nel llao dereto abríron tamén dalgún camín. En total, más de 5 km de camíns y 35 km de carreteras pa comunicar a zona da obra.

Pa ter nel sito da obra a enerxía eléctrica que fía falta féxose un tendido dende a central de Doiras a lo llargo de 22 km hasta Salime, con úa llinia de 30.000 voltios. Na zona da obra instalóuse úa rede enmarañada de tendidos de 15 kilómetros qu'iba trasformando a enerxía que chegaba dende úas instalacións de recepción que la reducían de 30.000 a 5.000 voltios y distribuíanla hasta 45 trasformadores



ASTURIAN PIRENEAS

As ruínas del lugar de Salime, a antiga capital del conceyo, hoí baxo as augas del embalse

pequenos colocaos polas instalacións. Así movíanse 550 motores con un consumo diario de 45.000 a 50.000 Kw.

Pá comunicación col mundo exterior tamén fexo falta fer úa llinia de teléfono qu'unía a obra cúa central de Doiras (Bual) pa que, por medio da llinia particular d'Electra de Viesgo y a súa estación de radio emisora-receptora, se podese comunicar a obra cuas súas oficinas centrales en Uviéu. Más tarde, y d'acordo cúa empresa Telefónica, tendéuse úa llinia dende a obra al centro telefónico de Navia conectada con Bual. Así Salime quedóu conectao por teléfono col resto d'España.


Pa llevar os materiais que fían falta pá obra fexo falta miyorar as comunicacións da comarca suroccidental asturiana, que daquela taba mui aislada, anque agora tampouco nun é que tea mui alló. Nun principio pensóuse nun grupo de 100 camiós de 10 toneladas pa llevar todo el material y a maquinaria dende

el porto de Navia a Grandas, pero al tar malo d'importar ese número de camiós y pola carretera tan ruía qu'había entre Navia y Grandas —que nun aguantaría ese número de camiós circulando de continuo—, apartóuse a idea y pensóuse nun teleférico, deixando el transporte por carretera pa úa flota más pequena. El proyecto era un teleférico que, saliendo dende el muelle de Navia, fose capaz a trasportar el

tonelaxe de clinker, yelso y outros materiales que chegasen por vía marítima pá obra. El estudio y proyecto d'este teleférico, qu'era el más grande de todos os construidos hasta ese momento en España, y el más importante d'Europa na súa modalidá, foi encargao a úa empresa italiana especialista neste tipo d'instalacións. El teleférico tía oito estacións: úa de salida, úa de chegada y seis intermedias, cuatro d'ellas motrices. A estación de salida y carga, nel porto de Navia, tía muelles



El poblao novo feito pr'albergar a os trabayadores



Esculturas de Joaquín Vaquero Palacios na central de Grandas de Salime

d'atraque pa barcos de 150 toneladas, dúas grúas con ala de descargue, cintas elevadoras, silos con capacidade pa 3.500 toneladas de clinker y moxegas con dispositivos de carga de vagonetas por gravedad. El trayecto del material dende el Cantábrico hasta Salime, de 37 km, duraba tres horas.

Neste proceso de construción batíuse dalgún record na obra civil, como a colocación de 4.800 toneladas de formigón nun solo día, úa cifra que tardou moitos anos en ser superada. Cua construción del salto anagáronse 685 hectáreas, 1.995 fincas y más de 25.000 árbores, además de frutales, viñas, oito pontes, cinco igresias, cuatro cementerios, dalgúa capiya...

Nun podemos esquecer que moita xente morréu trabayando nel salto. Cos datos de más arriba podemos figurarnos lo faraónico da obra y lo difícil que debéu ser naqueles tempos levantar ese muro de 132 metros d'altura y el resto da construción sin os medios técnicos d'hoi en día.

Debaxo das auguas del embalse quedóu el llugar de Salime, que foi a capital del conceyo hasta 1836. Dende aquela, dalgúa vez que baxóu el nivel das auguas por dalgúa obra puido verse parte del llugar. Ten que ser úa sensación impresionante, sobre todo pa os que lo conoceron ou viviron nél. Però nun foi Salime el único llugar anagao: tamén quedaron tapaos Susalime, San Feliz, Salcedo, Duade, Veigagrande,

Saborín y A Quintá.

Úa singularidá da presa de Grandas son os murales da central, feitos por Joaquín Vaquero Palacios nel ano 1955 en plenas obras. Nun d'ellos represéntase úa descarga eléctrica a consecuencia d'úa chispa sobre dous bornes, y nel outro cúntase a base de dibuxos dende lo que foi a historia da construción del salto hasta as utilidades y apricaciós da enerxía. Estos murales restauróulos el fiyo de Vaquero Palacios, Joaquín Vaquero Turcios, en 2001.

El Salto de Salime cunta hoi día con úa potencia de 160 Megawatios repartidos en cuatro grupos, lo que permite úa produción de 300 Xigavatios/hora.

El 24 de agosto de 1955 quedóu inaugurao oficialmente el salto d'augua de Salime pol entón xefe del Estao, el Xeneral Franco. Como anécdota que reflexa a época na que se fexo el embalse, en plena dictadura franquista, nun hai más que ller a Guía Descriptiva das obras del salto de Salime. Ten un apartao dedicao a datos comparativos chamadeiros, como qu'el muro da presa y del edificio da central pesarian —traducido por nosoutros— «1.680 millóis de kilos, quere decir, 82 millóis y medio de kilos más que todos os habitantes d'España, Portugal y Andorra —incluido el edificio y a instalación da súa emisora de 'radio'— calculando en 45 kilos el peso medio por habitante (sic)». Ou que «Os sacos de cemento usaos namás na presa y na central serían abondo pa cubrir el perímetro d'Asturias con un parapeto de cuatro sacos superpostos, sobrando inda os sacos que fían falta pa zarrar el cerco d'Uviéu con outro parapeto de dobre fila de seis sacos». Tamén esplican que pa llevar el formigón que s'usóu na obra feirían falta 168.000 camiós de 10 toneladas, que «postos en convói á distancia esixida polas ordenanzas d'Obras Públicas, ocuparían más de 5.000 kilómetros de carretera».



El Río Navia al empezar os trabayos



Nenos da escola da Roda con D^{ña} Lucinda, ña maestra de Barres, nel ano 1930

↓ Manuel García-Galano

Os que, por razóns d'edá y dos achaques, temos que pasar el máis del tempo na casa, tentamos de buscar el xeito d'encher as horas que se fain a miúdo tan llargas. Nel último inverno entretivéime en axeitar nun diría un feixe, pro si úas caxadas de fotografías qu'eu tía esfaragayadas por un sito y por outro dende hai muitos, muitos anos; pode decirse que de toda a vida.

De camín que fía el trabayo —que me deu a súa xeira pra deixallo ben—, fun parándome en muitos retratos (en cuase todos por úa cousa ou por outra) que me trián á memoria un enxame de recordos de tempos que xa quedan mui llonxe.

Y nun dos que me paréi un bon cacho foi nos retratos dos nenos da escola, da mña escola da Roda (Tapia), feitos alló pollos anos 1930 ou 1931. Allí tamos os máis dos nenos qu'íbamos al colexo daquela, arredor del maestro ou maestra, qu'éramos úa búa niada. Puiden identificallos ún por ún —algús con axuda— y fun poñéndoyes os sous nomes debaxo del retrato pra memoria dos qu'hoi xa nun son quen a reconocellos. Y é que muitos d'ellos —máis del mitá— xa se foron indo pral outro mundo y, os que non, todos nos convertimos en veyos; algús, como eu, en mui veyos.

Y miréi pra detrás nel tempo, y volvíme neno nel pensamento, y púxenme a pensar na vida d'aquellos

anos condo as corradás s'estraban con gancella y nelas nun había tractores nin autos, sinón carros con treitoiras; y acordéime dos nosos xogos pra os que nos abundaba úa pelota de trapos condo nun tíamos outra, ou úa bicicleta con rodas de madera —eso quen chegaba a ella, qu'erán poucos—, y as nenas úa llouxía prá mariola. Y nun m'esqueiceron os compañeiros que vían á escola de llonxe, algús por carreiros ou camións chíos de llama nel inverno, apencando con dous viaxes d'ida y volta tanto polla mañá como polla tarde. Y tuven reparando nas vidas de muitos d'ellos —cadún un historia— y nas veredas tan tan diferentes pollas que nos fomos encamiando cadún de nosoutros. Y penséi nos poucos que quedan hoi nel llugar, xa qu'os demáis fómonos indo pra fora, us pra cerca y outros pra llonxe —algús pra mui llonxe—, pro soñando todos col sou proyeuto, y tendo estonces toda úa vida por delante, ilusións a feixes y muitas esperanzas de que salise ben. Llougo, como sempre pasa, houbo de todo.



A MATANZA DOS COCHOS

A black and white photograph of two pigs in a field. One pig is in the foreground, facing right, and the other is further back on the left, facing left. The ground is uneven and appears to be a mix of dirt and grass.

Úa tradición
qu'acaba

↓ Everardo Fernández González

A tradición da matanza dos cochos, tan arreigada qu'era tida talmente como úa festa, pouco a pouco vai desaparecendo. Na Roda (Tapia) pouco ye falta pra desaparecer del todo. ¿Cuáles son os motivos? El primeiro é que na mayoría das casas nun quedamos máis qu'os veyos y nun é que nun nos guste el cocho — ¡vaya se nos gusta! —, pro nun lo podemos comer. ¡Qué llástima!

Pra os que somos da mía época, nun hai carne nin prato que máis nos farte a todo placer, pro eso é historia pasada, anque nunca esquecida. Falando d'história —y se nun vos canso muito—, vou fer úa pouca de cómo era a crianza d'estos animalí-os. Lo primeiro qu'había que ter pra fer úa matanza eran os cochos. Pra eso había qu'ir comprallos a os mercados ou a dalgúa casa, que las había que tían úa cocha, ou máis d'úa, pra criar. Ese llabor da crianza fíase con máis d'un ano d'anticipación cos produtos del que se coyía na casa: patacas, farina de meiz, berza, nabos cocidos, as llavaduras dos cacharros... Antias nun s'usaban deterxentes como agora y os pensos compostos nun los había nin se sabía lo qu'eran. ¡Vaya cochos que se fían! Chegaban a pesar hasta catorce arrobas gallegas y d'ei pr'arriba muitas veces. Aquello era un producto ecolóxico, como se dice agora.

Eran os animales máis mimados da casa. ¡Cómo yes gustaba que los rascasen! Deitábanse y daban us gruñidos como dando as gracias. As mueres eran as que los ciudaban y mimaban. Pro eso nun quita

qu'esas mesmas personas, que tanto los cuidaban y mimaban, al hora de matallos nun se convertisen en verdadeiros verdugos, tanto homes como mueres.

Al ir chegando el mes de decembre —que, según dicen os entendidos, é el mejor mes pra matanza— xa s'empezaba a mirar cómo andaba a lña porque dicían qu'era el momento máis apropiado contoaba nel menguante. Avisábase el matueñín con un mes d'anticipación pollo menos, ou máis, porque nese tempo os del oficio andaban moi azaquilados. Ta semana antias del día posto, as amas empezaban a preparar os cacharros, limpiar el maseirón y enchello d'auga pra que nun perdiera al pelar. Limpar a maquina de picar carne, derretir a grasa pras morciyas, preparar corras limpas pra lo que se precisara y muitas máis cousas que sempre fían fílti. El vispora había qu'encher os bidóis d'auga pra tella preparada pra polla mañá, ter llena seca qu'anduvera ben, ir buscar el sal...

Chega el día. Hai que madrugar máis que de costumbre pra despachar antias de que chegue el *mues-tro* y os subalternos, que sempre son os mesmos vecíos qu'emparzan todos os anos. Empezan a chegar

puntualmente todos. Lo primeiro é tomar un café con un bon chorro de *corza*, pro con algo de nerviosismo. Así y todo, mentramentres qu'os bichos nun tán mortos nun hai muita tranquilidá: el llabor nun é nada gracioso por muito que se diga. A conversación é pouca. Sale el matachín y detrás os axudantes, prepáranse os cuitellos... El máis grande é el de pinchar y pousase a mao ou tenlo un axudante mentres s'a-fái col gancho el xefe. Úa muyer ta col caldeiro preparado pra pañar el sangue pras morciyas y col cazapello de fer as papas pra revólvelo depresa de paso que sale a chorro del cocho antias que cuaye. Se hai dalgúa muyer máis disposta, axuda tamén a aguantar; agora acabáronse as fregas y os mimos. El piñón máis práctico agarra pollas patas de delante y... ¡al ataque!

Vénseme a memoria aquela fábula de Samaniego que tantas veces llin condo iba á escola. Empezaba con aquellos versos de *«Envidiando la suerte del cochino, / un asno maldecía su destino / «Yo —decía— trabajo y como paja, / él come barina, berza y no trabaja / a mí me dan palos cada día, / a él le halagan y rascan a porfía»*. Pro el asno, al ver lo que fían col cocho na matanza, cambia de parecer: *«Dijo entre sí el jumento: / «Si en esto para el ocio y los regalos / al trabajo me atengo y a los palos»*.

Xa pasou a trebusía. Desque tán os animalíños mortos, a tranquilidá é total. El auga xa ta fervendo ou a punto de ferver, métese el cocho dentro del maseirón, dáseyes un repaso a os cuitellos y... a pelar. El matachín ponse na cabeza y os demais pol resto del corpo y, de paso que se vai pelando, empezan os parzamiques. Y, falando de parzamiques, tamén se me vén á memoria el qu'escribíu Manuel García-Galano, *«El mundo é chao»*, nel sou llibro *Parzamiques*. Presentábanos Galano a matanza núa casa y a



Dous cochos aporondando nos chamberiles

ún dos axudantes, Manuel de Morís, qu'era un home mui lido y que tuvera na Habana, dándoyes a os demais úa explicación da travesía que fixeran al Atlántico dous aviadores españoles, Barberán y Collar. Al dicir nel medio da conversación qu'el mundo era redondo, Xusto, el matachín, soltóu: *«¿Tu qué dices, bo, qu'el mundo é redondo? Tu treshimbas, el demonio me lleve»*. Manuel tentóu de convencello botando mao d'úa naranxa, pro el matachín, arrufado y enchipado, díxoye: *«¡Nun penses que porque tuviche na Habana me vas meter os didos pollos oyo! ¿Ques dicirme cómo van a terse deretos os homes que teñan na veira de baxo da naranxa cos cravos das galochas pra riba?»*. El parzamique acaba así: *«Manuel miróu a Xusto con un visaxe na cara que me parecêu de dolo, pousóu a naranxa y, poñéndose outra vez a pelar nel cocho, dixó: «Vamos falar d'outra cousa»*.

Eu tamén vou dar por acabado este relato volviendo a lo que dicía al comenzo: que lo da matanza por esta zona vai acabándose. Muitos dos qu'inda comen d'este manxar qu'é el cocho morto, llévanlos al matadeiro ou cómpranlos allí xa pelados y amañados y é muito meyor, porque neste sito el sacrificio é muito menos cruento. A verdá é qu'a forma de matarlos nas casas é un verdadeiro crime, pro a tradición é a tradición.

Y agora que nun tán as muyeres na casa, vou tostar us torrecíos na tixella, que me gustan muito y van saberme a gloria.



El matachín y os axudantes tendo mao del cocho y dispostos pra matanza

Libros



AL SON DAS ZALANCEIRAS

- Autor: Alfredo Álvarez de Ponticella
- Colección Xeira Poesía nº 4, Xeira, 2003.
- 61 páxinas.

Primeiro libro de poesía d'este autor de Villayón del que xa conocíamos versos sous publicaos na revista *Lliteratura*. El sou conocimiento da llingua, del paisaxe, da hestoria y da cultura popular da conca del Navia enche os versos d'imáxenes caltridas de resonancias pral lector avisao. As palabras caín como as zalanceiras —os saltos d'auga—, empapando a poesía de Ponticella con barruzo, orbayo, faloupas, gotas, pozos, remansos, ríos, llagúas... Al cabo, el auga anagando el paisaxe y as emocións d'un poeta da terra.

ALFREDO C. ÁLVAREZ DE PONTICELLA

Al son das zalanceiras



XEIRA
POESÍA

Al son das zalanceiras é poesía da casa, pero por eso mesmo, polo sin-tida y enreizada, é poesía universal. *«Desque morra,/ botáime, se vos peta,/ úa foya seca/ y estruñada de llourei-ro/ en seña d'acordanza (...) ballei-ráime nel couce/ da falante Zalancei-ra,/ vertéime de cara/ al occidente y d'úa ambozada/ aventáime nos fillos/ que restallan en blanco/ sobre as pe-dras mofentas/ y brincan rebullentes/ como en arcos da veyá».*

CHARAMUZAS DOS NENOS


- Colección Os Libros d'Entrambasaguas nº 6, Academia de la Llingua Asturiana-Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2004.
- 67 páxinas.

Se primeiro foron *Cousas de xente pequena*, en *Charamuzas dos nenos*



volver xuntarse os contos que ganaron el II Concurso de contos na nosa fala qu'a Secretaría Llingüística del Navia-Eo convocou nel ano 2003 pra nenos y nenas qu'estudian gallego-asturiano tanto en Primaria como en Secundaria. Con esa segunda edición del concurso festexábase el Día das Letras Asturianas nas escolas del extremo occidental d'Asturias. Pral festexo d'este ano del Día das Letras, que foi na escola da Caridá, al tempo que se daban os premios da terceira edición del concurso, xa tuvo amañao este libro cos ganadores da segunda.

En *Charamuzas dos nenos*, con úas ilustracións ben guapas y a todo color, participan cos sous relatos rapaciós y rapacías dos lugares de Valdedo, Tol, Navia, Tapiá, Bual y A Veiga.



I CERTAMEN DE POESÍA NA FALA "AIRA"

- Asociación Cultural El Teixo, 2003.
- 37 páxinas.


Recóyense neste librin os poemarios ganadores del certame convocado pola asociación cultural «El Teixo», nacida nos lugares das Campas y Barrés (Castropol). El ganador d'esta primeira edición foi Arturo Álvarez Fernández, con *Pedras moles*, y quedou segundo José Ramón Martínez Castro, con *As terras del barruzo*. Dous xeitos d'entender a poesía, pero igual d'interesantes polo que representan: primeiros pasos de xente nova que vén amecerse al panorama da literatura en gallego-asturiano.

Revistas



A entrega nova da revista *Lliteratura*, publicación del Academia de la Llingua Asturiana, ten abonda presencia das nosas letras. Dúas colaboradoras da revista *ENTRAMBASAGUAS*, Aurora García Rivas y Mª José Fraga Suárez brindan el sou llabor lliterario en gallego-asturiano. A primeira, a escritora de San Tiso, dáse-nos a conocer col conto «A herencia» y con dous poemas («É todo como un enxame d'abellas na miña cabeza,/ como ir verquendo polos atallos a vida que me queda»). É un bon adelanto d'ese bon fer lliterario qu'imos poder admirar nel sou poemario *O viaxeiro da noite*, a pique de publicarse. Pola súa parte, a escritora franquía, que xa conocíamos como narradora —y que presenta el conto «Difuntos»—, descúbrese tamén como úa gran poeta con un peteiro de poesías que nos faín aguardar con impaciencia máis creacións («Vámonos desfendo d'a pouquíos,/ nas amarregas, nas lluitas/ corpo a corpo/ Gasiámonos sorbendo/ el ún al outro/ os zumes da vida,/ el aire todo»).

Na revista comparten sito con outros escritores e escritoras en asturiano como Xuan Ignacio Llope, Lourdes Álvarez, José Luis Rendueles, Xulio Arbesú, Berto Cobreros Gil ou Jorge Fernández García. Hai tamén espazo pra crítica literaria y pra traducción d'outras linguas. Este número de *Literatura* illústrase con dibuxos y pinturas d'Evaristo Valle.



• Tamén acaba de salir un número monográfico de *Cultures, Revista Asturiana de Cultura*, editada pola Academia de la Llingua Asturiana. D'esta volta, a publicación dedícase al estudio da cultura da sidra y el viño con un feixe d'artículos qu'estudian el mundo material, el vocabulario, as tradicións, etc., de dúas bebidas ben enraizadas na cultura asturiana.

Entre os moitos artigos que tratan el asunto queremos destacar ún escrito en gallego-asturiano: «El viño en Pelorde (Pezós)», de M^a Teresa Pasarán Arne. Nél faise un pouco d'história da presenza del viño y as viñas nel conceyo, y tamén se describen os labores y el vocabulario referido á llabranza da viña, á vendima y a cómo se fain el viño y el augardente.

• El I.E.S. Elisa y Luis Villamil da Veiga editou el nº 6 da súa revista literaria *Modus utuendi*, unde s'incluye un bon peteiro de relatos en gallego-asturiano obra d'alumnos y alumnas del instituto ou ben recoidos por ellos da tradición oral. Dous dos relatos resultaron ganadores na categoría de 2º ciclo de Secundaria nel *Concurso de contos na nosa fala pra os alumnos y alumnas de gallego-asturiano* de 2004 que convoca a Secretaría Llingüística del Navia-Eo.

• Este brao que salíu botou a andar úa revista nova: *El Campo del Tablado*. A iniciativa xurde del Asociación Astur-galaica d'amigos del País, úa entidade que tamén empeza agora el sou llabor. A revista, dirixida por José Antonio Álvarez Castrillón, axunta colaboracións que tratan d'asuntos históricos, etnográficos, literarios, arqueolóxicos... sempre relacionaos cunha zona máis occidental d'Asturias y el oriente ribeireño de Lugo. Entre os artigos hai ún en gallego-asturiano, de María José Fraga Suárez, reseñando el libro *Al son das zalanzeiras*, d'Alfredo Álvarez de Ponticella.

Escolarización

Completóuse en Ibiás a 2ª fase del Curso de Capacitación en gallego-asturiano pra profesores de Primaria y Secundaria, enmarcado dentro dos cursos de brao qu'el Academia de la Llingua Asturiana amaña en Santantolín.

Entre as actividades feitas alrededor dos cursos hai que destacar el actuación del grupo de teatro «Pico de Faro» da Roda, que puxo tres sainetes de Manuel García-Galano: *¡Xa somos europeos!*, *Parexa desparexa* y *El dieiro, bon compañeiro*. Na sala d'actos da escola del lugar nun cabía un alma, chía cos alumnos dos cursos y a xente da villa que disfrutou y se ríu lamar cuas obras.

Hai que recordar tamén as campañas que se fixeron nos últimos meses del curso pasao pr'animar a nenos y nenas a apuntarse al asignatura de gallego-asturiano mandando miles de dípticos y carteles ás escolas.

A Secretaría Llingüística del Navia-Eo, a proposta dos profesores de gallego-asturiano, fexo un díptico pra Primaria y outro pra Secundaria explicando os pasos qu'había que seguir, as condicións del asignatura y as ventaxas que supón pra os rapacios estudiar esa asignatura.

Gallego-Asturiano
ÚA ASIGNATURA PRA ESO Y BACHILLERATO



Escove gallego-asturiano. É A TUA FALA

AGORA PODES ESCOVER: 15 TÚAS MAOS 4 APRENDER



á clase de 'turiano, fala

Festival de Poesía

El asociación cultural «Poegía» de Xixón amañou nel mes de marzo pasao el *Primeiro Festival de poesía en asturiano y gallego-asturiano*. Foi esta úa iniciativa ben guapa pra dar a conocer a nosa literatura nel centro d'Asturias y axudar al conocimiento mutuo entre os creadores y creadoras nas dúas linguas. Nel recital, feito nel Centro Municipal de L'Arena (Xixón), combinóuse a música folk en directo cunha poesía recitada polos sous autores. Pol asturiano participaron Aurelio García Ovies, José Luis Rendueles, Esther Prieto y Armando Vega; pol gallego-asturiano, M^a José Fraga, Aurora García Rivas, Fredo de Carbexa y Xosé Miguel Suárez Fernández.

IA NOSA FALA,
IA NOSA LINGUA.
En gallego-asturiano

Normalización Social



Con motivo del Día das Letras Asturianas, a Secretaría Llingüística del Navia-Eo editou una serie de pegatinas animando a falar en gallego-asturiano que se repartiron polos centros educativos da zona.

A nosa fala sigue tando presente nos carteles da maioría das noites celtas que s'amañan nel brao pol extremo occidental (Noite Celta del Covo, qu'organiza el asociación castropoleña «El Teixo» de Barres; Noite Celta das Figueiras, amañada pol asociación «Rapalacóis»; y Noite Celta de Porcía, del asociación «El Alameda del Franco»). Outras noites folk da zona empezan a animarse a poñer nos carteles dalgúa cousa en gallego-asturiano.



Tamén hai que destacar el uso da nosa fala qu'empezan a fer dalgús conceyos na propaganda escrita. El conceyo de Castropol editou este ano una versión en gallego-asturiano d'un tríptico sobre el sou Plan de Dinamización Turística y el conceyo del Franco tamén fexo outra versión na nosa fala d'un folleto sobre voluntariado nas actividades branegas: «Estruña el brao».



«Rapalacóis» das Figueiras sigue abrindo camiñ al uso sin prexucios da fala y sigue anunciando as súas actividades en gallego-asturiano, lo mesmo as noites celtas qu'os magostos populares, ademais de ter preparada una campaña de sensibilización llingüística que tán xa amañando y qu'imos reseñar pral número que vén d'ENTRABASAGUAS.

Igual se pode dicir del Asociación de Defensa Ganadeira «El Binteiro», formada por llabradores dos conceyos del Franco y Cuaña, que volvéu organizar con éxito na Caridá as segundas xornadas de *Salu Animal y Bioseguraza* os días 2, 3 y 4 de novembro, y que fixo os programas en gallego-asturiano.

Cursos pr'adultos

Dende empezos del mes de novembro ta dándose nel Instituto de Tapia un curso d'alfabetización en gallego-asturiano pr'adultos amañao pola Secretaría Llingüística del Navia-Eo d'emparzao col asociación cultural Xeira. El curso, de 36 horas, quer achegar á poboación en xeneral úas nocións básicas sobre el gallego-asturiano, a súa hestoria, lliteratura, situación social y, en especial, sobre a súa escritura.

A inauguración del curso, el 11 de novembro, tuvo a cargo de José Antonio Fernández Vior, que deu una conferencia sobre el gallego-asturiano y a súa situación actual. Son cerca da veintena as personas que se matricularon neste primeiro curso que ben podemos chamar pioneiro. De seguro que nun ha ser el último, visto el éxito d'esta primeira convocatoria.

Premios Literarios

El XIV Premio Xeira de narracións curtas ganóulo nesta edición Ágata García Castro, de Piñeira (Castropol), col conto titulado «Gol». Quen quira conocer el bon fer lliterario d'esta escritora, pode comprobalo nel sou relato «Paradoxas», publicao nel nº 19 d'ENTRABASAGUAS.

Hai que recordar qu'el premio da XIII edición entregóuse no Chao (San Tiso d'Abres) el 16 d'abril pasao, nun acto lliterario amañao d'emparzao col asociación local «San Tirso del Eo». Ademais da premiada, Aurora García Rivas, tamén participaron nun recital poético que zarróu el acto, Alfredo Álvarez de Ponticella —que presentaba el sou libro *Al son das zalanças*—, Mª José Fraga Suárez, Xosé Miguel Suárez Fernández y Fredo de Carbece.

Tamén hai que dar conta da primeira edición del Concurso *Cuentos y leyendas de mi pueblo* qu'organizóu el asociación de mueres «Santa Rita d'Aracedo (El Franco)», unde podían participar relatos en castellano y en gallego-asturiano. Os ganadores del segundo y terceiro premio fóronlo nesta llingua: Gervasio Carbajal Fernández («A tollura del cocho») y Mª Jesús González Fernández («De Ricardo da Veiga y outros d'Aracedo»), respectivamente.

Día das Letras Asturianas

El festexo del Día das Letras Asturianas por parte del Academia de la Llingua Asturiana nel sou acto institucional, feito el 7 de mayo d'este ano nel Auditorio da Casa de Cultura d'Avilés, tuvo un interés especial pral gallego-asturiano porque a institución acoyeu como académico correspondente al especialista veigueño José Antonio Fernández Vior, autor d'abondas publicacións sobre a nosa fala como *El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo)* (1997), *Notas Etnolingüísticas del Concejo de Veiga* (1997) ou *Vocabulario de Veiga* (1998). Doctor en Filoloxía pola Universidá d'Uviéu, trabaya actualmente como catedrático de Llingua Castellana y Lliteratura nel I.E.S. Xovellanos de Xixón. De seguro que vai ser d'a búa axuda pra todo el llabor académico que ten que ver col gallego-asturiano.

Tanto el cartel del Día das Letras como el programa de mañ del acto editáronse tamén en gallego-asturiano y mandáronse a todos os concejos, bibliotecas, centros educativos y asociacións culturais del occidente.

Este foi el discurso lido por Fernández Vior al aceptar el nomamento:

Señora Presidenta da Academia de la Llingua Asturiana, señores académicos, autoridades y amigos:

Quero en primeiro lugar estimar a acoyida que como académico correspondente me fai hoi esta Academia, pos teño en gran honor formar parte d'unha institución que ten como fin defender a indentidá lingüística de toda Asturias, tamén a del Navia-Eo, sin exclusións, sin avasayamentos. Personalmente véxome como representante y voz de toda esa xente, falante del gallego-asturiano, que luitou y luita por manter viva a fala coa que empezou y aprendeu a relacionarse cos sous y coel mundo que lo arrodiaba. Os méritos que podo presentar nun son moitos: falante dende neno da variedade lingüística da Veiga y mais tarde, cuando os anos y os estudos me deron as ferramentas de xeito, estudioso del gallego-asturiano y defensor da especificidá y a peculiaridá da nosa fala.

El contáremos con representación na Academia era unha aspiración que vía de veyo entre moitos falantes y agrupacións da zona Navia-Eo que nun entendíamos como s'esquecía a toda esa parte máis occidental d' Asturias y nun se ye daba xogo algún a unha das modalidades con mais vitalidá de toda a nosa Comunidá.

Porque, nun nos quívocamos, el gallego-asturiano é unha fala d' Asturias, anque houbo y hai quen nun lo entende d'este xeito, quen nos bota fora y nos emparza sin máis coel gallego y con lo gallego. Por contra somos moitos, y ei tán as encuestas que lo demostran, os que defendemos a peculiaridá d'esta fala, esa que, a falta de denominación miyor, chamamos gallego-asturiano. Pos trátase, en realidá, d'unha zona de transición lingüística, unde algunhos dos fenómenos del gallego tein alí el acabo y outros, de signo distinto, el empezo, ben seña esclusivos d'esta zona, ben seña asomeñados a os del asturiano occidental. Unha forma de falar que rescende del latín que falaban as xentes d'estas terras, que ten coincidencias coel gallego, como nun podía ser d'outro xeito, como tamén las ten coel asturiano occidental, porque entre linguas vecías nun hai xebros nin fronteiras. A quen me preguntase por qué entoncias temos ese escúpulo en normalizar coel gallego, retrucariaye, facendo mía a resposta d'Antón Santamarina, catedrático de lingua da Universidá de Santiago a unha pregunta parecida sobre el gallego en relación coel portugués: «Lingüísticamente nun habería mayor problema pro a mía conciencia de gallego —d'asturiano, diría eo nel meu caso— nun mo permite». Nun pedimos, pos, pra nosoutros, el que nun clamarian outros antias pra si.

Estas zonas de transición, como a nosa, sempre minoritarias y ás veces terra de naide, son unha lambuada pra outras linguas que pretenden engordar a costa d'elas. Nun yes fai falta senón engavellar ben as asomeñan-

zas que podera haber y fer de menos as diferencias; atopar despós argumentos a comenencia é cousa duada. Houbo tempos que contra estas pretensións y na defensa da nosa indentidá atopámonos solos y, anque avezados a tar esquecidos, aquilo era mui esmorecedor. Pro fai xa algunhos anos a Academia de la Llingua tomou como súa esta defensa, trabayando coido con coido con nosoutros pra manter viva unha fala sin perder miga das nosas peculiaridades, sin segundas intencións, como fixeron outros que queren arrabañarnos pra si y, mentras deixan que xoguemos a séremos distintos, definennos como unha variante súa pro deixan que nos embelexuemos en facer unhas normas pr'andáremos pola casa.

Foi esta Academia a que creou dentro d'ela a Secretaría Lingüística del Navia-Eo, pra coordinar laborías, concursos y cualquier tipo d'acontecemento, pra editar tamén na súa revista *Entrambasaugas* trabayos y colaboracións en gallego-asturiano.

É a Academia a que convoca os cursos de brao de gallego-asturiano, al tempo y nel mesmo sito qu'os d'asturiano, coa mesma estrutura qu'os d'elos, sin outra condición y sin imposer orientación algunha, nin didáctica nin lingüística.

Y é dende fai abondos anos a que vela y atura pra qu'a enseñanza d'esta fala chegue ás escolas y a os institutos y qu'as autoridades educativas cumbran coas súas promesas.

Fai el que pode, y el que ye deixan, pra qu'el gallego-asturiano y el asturiano salan da situación de diglosia, empezando por convencernos a os propios falantes que nun hai por qué encrequeñarse nin acobardarse de falar como lo facían os abolos y os abolos dos nosos abolos, porque eso nun é ningún atraso senón querencia polo sou.

Penso qu'a Academia con este nombramento, que repito nun sei se merezo, vén a integrarnos dafeito dentro d'ela. Este é el primeiro y esperamos que nun seña el último, pos tamos falando, como xa dixeran antias, d'unha variedá lingüística qu'einda ten, a pesar das interferencias de todos os lados, como tein as minorías, unha gran vitalidá, que conta con unha chea de xente qu'estudia y trabaya sin esmorecer, xente que ten tantos ou mais méritos qu'eu pra tar aquí. A min quedame seguir trabayando por esta fala de noso na medida das posibilidades, pos forzas espero que nun me falten, facendo ouguir el sentir de todos eses falantes d'Entrambasaugas, dentro y fora d'esta institución, qu'hoi m'acoye como académico. Muchas gracias.




Nestos primeiros meses d'este curso escolar novo, imos botar mao de cousas que nos mandaron da escola «Ramón de Campoamor» de Navia nel curso pasao. Os nenos y nenas de Navia que van a clas de gallego-asturiano fálannos dos dibuxos animaos que yes gustan y hasta nos mandan as súas versións pintadas dos protagonistas.

¡Ah!, y recordamos a todos os que nun la puderon ver que nestas navidades, como xa vén sendo avezo, chegaron ás escolas que dan gallego-asturiano —pra poder mandalla a quen quixeran— a postal ganadora del Concurso de felicitacións de Navidá que convoca a Secretaría Llingüística del Navia-Eo, pra os alumnos y alumnas que van a esa asignatura.



Estos dibuxos gustáronme porque son mui disparataos y el protagonista é Titeuf y fai muitas trasnadas y na cabeza ten un cacho de pelo marello. Ten úa moza que ye gusta y ella mándaye fer cousas abondo difíciles como por exemplo coyer úa forniga reina. Él nun s'esmolece y inventa úa solución.

Estefanía Méndez Valdés, 5º




Amin gústame Kim Posible porque esos dibuxos parécenme mui divertidos. Tratan sobre aventuras y Kim ta metida en embolaos. É mui mandúa y responsable. Ten dous ermaos que se chaman Jim y Tim. Vive colos padres y colos ermaos.

Sara Fernández Rodríguez, 6º A.

Kim Posible





TARZÁN

Gústame los dibuxos de Tarzán porque préstame vello colgao polas lianas con un taparrabos y porque ten muita acción.

Marcos Fernández López, 6º

Los dibuxos que más me gustan son los Simpson porque fain muitas fatadas. El meu personaxe favorito é Bart porque é el que menos caso yes fai a los padres y sempre ta meténdose cola ermá Lisa.

Fernando Pérez Setiën, 5º



Shinchan



Gústame muito porque dicen muitas fatadas y son tontos. Tán todo el día na caye. A todo el mundo ye caen mal, insultalos y tán solos.

Félix Torres Fernández, 5º

LOS EDDYS



LA BANDA DEL PATIO

Amin gústame la Banda del Patio porque sempre tán metíos en líos y fain muitas trasnadas al director del colexo. Todos tein dez anos, pero el xefe é T. J.

Emma López Sánchez, 6º A



Gústame Shinchan porque che me dá muita risa.

Borja, 3º B

Shinkan mola un montón porque é un neno de cinco anos que ta sempre enseñándoye el cul a la xente, vei unde ye dá la gana y nun fai caso.

Miguel López González, 6º A

É un neno de cinco anos que ye encantan las galletas de chocolate y el Superrobot. Pero lo que más ye gustan son las mozas de más de decioito anos. É un neno mui atravesao.

Alberto Díaz González, 4º

Xuntamos, d'esta volta, us versos de Conrado Villar y úa foto. As dúas cousas, palabras y imaxe, tratan del mesmo asunto y, ademáis, nel mesmo sito: a festa de San Antonio en Mántaras (Tapia). A foto nun é tan veyá como a poesía, qu'esta é de 1907, pero nun se levarán máis de quince anos úa d'outra. Máis ou menos vein a ser del mesmo tempo: daquela as cousas nun mudaban tan axina como agora, que van ás carreiras.

De Conrado Villar Loza, Pepe de Mingo, escritor taramundés afincado en Tapia, xa temos falao na revista (*ENTRABASAGUAS* 5 y 11): del sou llabor nas columnas dos periódicos locais, unde firmaba como *Pepe de Mingo*, y da publicación del sou sainete *Un feixe de tapiégadas* en 1922 (hai úa reedición facsimilar ben guapa feita pola Conseyería de Cultura nun hai moitos anos, en 1999). Nel periódico naviego *El Porvenir Asturiano*, nel sou nº 206 (23 de xunio de 1907), núa notía sin firmar pero que ta claro qu'é de Villar Loza, fala da festa de San Antonio en Mántaras: «Los festejos fueron variados, predominando la pólvora... y el *queixo fresco* que corría á torrentes en *tod'as casas d'el* lugar citado. Hasta *outro* ano». Xa se ve que nun era quen a escribir máis de dúas rengueiras sin qu'a fala arrechara a gargayón. Y así ha a seguir fendo en todo el que mandou a os periódicos locais —que foi moito— hasta a fecha da súa morte en 1962.

Nesa mesma plana del periódico naviego, Conrado Villar publica us versos festexeiros, dos primeiros que ye conocemos, unde fala da festa mantarega. Son os que copiamos máis abaixo. Sabemos polos periódicos d'outros anos que nun perdía nunca a festa porque ye gustaba lamar el *queixo fresco* ou «requesón» y sempre iba convidado a dalgúa das casas del barrio de San Antonio, en Mántaras.

Aprovetamos a publicación d'estos versos de circunstancias pra dar úa nova desconocida sobre el obra teatral de Conrado Villar Loza que nos fai chegar el historiador Rafael Rodríguez Valdés. Pescudando nel periódico reformista de Xixón *El Noroeste*, este investigador encontrou úa noticia que nos descubre que Villar Loza tía escrito en 1936 outro sainete en gallego-asturiano: *El alcalde de Villacarneros*. Cúntanos el periódico qu'el obra ten tres cuadros y que vai llevar música —supoñemos qu'Etelvino Méndez sería el encargao de poñerya, como xa lo fora pra *Un feixe de tapiégadas*—. Tres personaxes, el Alcalde, don Roque y don Gamberro, amañan esta —son palabras del periodista— «diatriba zarandeando a esos personajillos que merodean por los pueblos erigiéndose en santones y cacicuelos, cuyas caciquerías redundan en todo momento á beneficio de su *modus vivendi* y son siempre cometidas entre incautos, ciegos y pobres de espíritu, que es donde ellos pueden ejercer de tontos marrulleros».

A intención de Villar Loza —según nos cunta a noticia— era representalla col cuadro artístico «Arte y Cultura», que daquela taba abondo parao. Al cabo, nun se soubo máis nada d'esta obra. Se é qu'había daqué amañao pra aquel brao de 1936, el empezo da guerra y a chegada axina das columnas gallegas á villa de Tapia acabó con todo. Nun podía ser peor momento pra aquela crítica burllúa contra os caciques que tanto ye gustaba al noso Pepe de Mingo. Moito menos condo —según a biografía del escritor que brinda Manuel García-Galano na edición facsimilar d'*Un feixe de tapiégadas*— foi posto como alcalde de Tapia dende agosto d'aquel ano hasta abril de 1937. 

EL SANTO DEL QUEIXO

El domingo celebraron
con muchísimo jolgorio,
tod'os vecíos de Mántaras
a festa de San Antonio.

Houbo com'outros anos
cohetes, globos, procesión,
y-a hora de xantar...
non faltóu el requesón.

Pra dar brillantez á festa
has'ta tarde tuvo guapa,
dando lugar á que fose
todo lo meyor de Tapia.

Muitos chegaron alí
levando solo un pensar:

el d'enchese ben de queixo
n'a casa de Baltasar.

Eu tamén fun con Hipólito
qu'é un bon compañeiro,
y de queixo nos fartamos
n'a casa d'el *Marineiro*.

Y pra terminar direy
(aunqu'esto seña descaro)
que festas de San Antonio
debía d'haber doce al ano.

Me fundo pra dicir esto
en unha sola razón:
que sendo así comería
doce veces requesón.

C. VILLAR

Habían pasmar os miles de coches y camiós qu'agora pasan a toda mecha pola N-634 al altura de Mántaras (Tapia) se visen cómo era aquilo a empezos del s. XX y el traquillín que taba. Hasta a xente pasiaba —y beilaba— nel medio d'úa vía por unde nun pasaban autos máis que de ralo en ralo. Miren prá foto.

A escena é festexeira y campestre de todo. Un par de borricos pacen nun Campo de San Antonio einda sin «urbanizar», con xunqueira nel medio.

El quíosco da música, todo enramao, agarda el momento en qu'a banda empece a tocar y, entremetres, a xente, cua súa miyor roupa de festa, pasía alegre. Nun se ven galochas, hai muita pucha calada hasta as oreyas y dalgún qu'outro sombreiro d'americano.

Dalgús séntanse nel Campo ou al pé da Fonte de San Antonio.

Dous coches aparcaos na veira da carretera da Roda son todo el parque automovilístico da festa.

¡Quén lo diría nas festas d'agora, qu'a xente vai con cadasóu coche!

Nun pode faltar tampouco el postiquín das aveyanas tostadas y das rosquiayas cos nenos apeteiraos alreodor debecendo. Nel primeiro plano, na granda qu'había nun tempo nesa esquina, na veira de Ca el Mónico, un feixe de canas de pino aguardan pol llume de dalgúa cocía y un montón de gancella espera mullir dalgúa corte.

Al fondo, alló pol Cortaficio, outíase un pinal abondo máis grande del qu'hai agora, que cuase quedóu en nada de tanto que s'amansóu buscando máis pradeirías pral lleite.

Un home saluda al fotógrafo y outro, cua pucha botada pra detrás y as maos nos bolsos, mira de reoyo.

¿Volaría núa moza nel baile? ¿Qué sería d'él? ¿Marcharía pr'América? ¿Morrería na guerra?

¿Qué foi de toda esta xente que quedóu retratada na postal un día de San Antonio d'hai tantos anos?

¡Qué terán estas fotos veyas que tantas cousas nos faín renembrar!

Mialma pinta que d'un momento a outro a xente vai botar a andar, el bandín vai empezar a tocar y, despóis d'estoupar un par de cuetes,

úa cuadriya de nenos vai correr pol campo en busca das varas.





Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INVERT NA ACADEMIA DE LA LLINGUA ASTURIANA



GOBIERNU DEL
PRINCIPÁU D'ASTURIES